

ACTA NÚM. 2 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2018.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:34 horas** do día **15 de febreiro de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Inmaculada Viña Carregal, **interventora xeral do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste o concelleiro, Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2018.**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Aprobación do proxecto técnico de expropiación, con urxente ocupación, dos bens e dereitos necesarios para executar a fase 1 da Estación Intermodal de Santiago de Compostela.**
- 4. Proposta ao pleno para que se pronuncie sobre a aprobación ou rexeitamento do convenio con Augas de Galicia e Acuaes, para executar as obras da nova EDAR do Souto.**
- 5. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre medidas de impulso para a mellora do barrio de San Lourenzo e o Carme de Abaixo.**
- 6. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, en relación a actuacións urxentes no barrio de Vite.**
- 7. Proposición do grupo municipal do BNG, para incluír a posibilidade dun modelo de xestión público e gratuíto de aparcamento de vehículos en rotación na nova memoria económica do servizo da ORA.**
- 8. Dar conta dos reparos efectuados pola intervención municipal ao primeiro semestre do exercicio de 2017.**

9. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

10. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de febreiro de 2018, núm. 35.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de febreiro de 2018, núm. 36.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de febreiro de 2018, núm. 37.
Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 7 de febreiro de 2018, núm. 41.
Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 48.
Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 49.
Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 50.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de febreiro de 2018, núm. 38.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de febreiro de 2018, núm. 39.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de febreiro de 2018, núm. 40.
Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 51.
Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 52.
Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 53.

Preguntas resposta por escrito:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 25 de xaneiro de 2018, núm. 21.
Do grupo municipal do BNG de data 30 de xaneiro de 2018, núm. 22.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 30 de xaneiro de 2018, núm. 23.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 30 de xaneiro de 2018, núm. 24.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 2 de febreiro de 2018, núm. 26.
Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 54.
Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 55.
Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 56.
Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 57.

11. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 22 de xaneiro de 2018, núm. 20, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a defensa e apoio da prisión permanente revisable.
Rexistro de entrada do día 31 de xaneiro de 2018, núm. 25, presentada polo grupo municipal do BNG, para apoiar a folga internacional de reivindicación feminista do 8 de marzo.

Rexistro de entrada do día 5 de febreiro de 2018, núm. 27, presentada polo grupo municipal do BNG, para apoiar as reivindicacións das asociacións de comerciantes para que o goberno español modifique a normativa que liberaliza o período de rebaixas.

Rexistro de entrada do día 5 de febreiro de 2018, núm. 29, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a organización de diversos actos en conmemoración do centenario do nacemento de Agustín Magán.

Rexistro de entrada do día 6 de febreiro de 2018, núm. 31, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, en relación á retirada do anteproxecto de modificación da Lei Galega de Saúde do ano 2008.

Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2018, núm. 34, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre o centro de saúde de Conxo.

Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2018, núm. 42, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, de apoio á folga internacional feminista do próximo 8 de marzo.

Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2018, núm. 43, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para a adhesión ao Pacto de Política Alimentaria de Milán (MUFPP).

Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2018, núm. 44, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en apoio á Asociación Composclea e a coordinadora Conbici en relación coa reforma do Código Penal.

Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2018, núm. 45, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en apoio ás reivindicacións realizadas polo colectivo de pensionistas ao goberno do estado.

Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2018, núm. 46, presentada polo grupo municipal do BNG, sobre a recuperación da antiga sala Iago.

Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2018, núm. 47, presentada polo grupo municipal do BNG, para a clausura dos tecnosolos do vertedoiro de Miramontes e a restauración da canteira con cuberta de terra vexetal como estaba previsto no proxecto inicial.

Antes de entrar a tratar os puntos da orde do día, procédese a gardar un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 17 DE XANEIRO DE 2018.

Apróbase por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes a acta correspondente á sesión plenaria ordinaria do día 17 de xaneiro de 2018.

Antes de seguir cos asuntos incluídos na orde do día, teñen lugar as seguintes intervencións, en relación ás proposicións e mocións dos grupos municipais:

En primeiro lugar intervén, Don Álvaro Rey Vieites, en representación da Asociación Veciñal e Cultural Monte de Díos.

En segundo lugar, Don Faustino Gómez Rodríguez, en representación da Asociación Cívica Composclea.

En terceiro lugar, Don Alfonso Manuel Fernández Otero, en representación da Plataforma de Afectados polo vertedoiro de Miramontes.

E en cuarto lugar, Dona Manuela Fraguela Seoane, en representación da Plataforma de Pensionistas.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece.

3.APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DE EXPROPIACIÓN, CON URXENTE OCUPACIÓN, DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA EXECUTAR A FASE 1 DA ESTACIÓN INTERMODAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O informe xurídico emitido en relación ao asunto do epígrafe, pola xefa de sección de xestión urbanística con data 5 de febreiro de 2018, ten o seguinte contido:

“1.Antecedentes

O Consello da Xunta de Galicia, mediante acordo adoptado o 5 de outubro de 2017, aprobou a fase I do Proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela, de acordo co previsto na Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Segundo dispón o apartado 7 do artigo único da precitada Lei 3/2016, a aprobación do proxecto leva implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados para os efectos de expropiación ou imposición de servidumes.

O apartado 8 do artigo único da mesma Lei impón ao Concello no que radiquen os bens afectados a obriga de realizar as expropiacións que resulten precisas para executar o proxecto, de xeito que, no presente caso, corresponde ao Concello de Santiago de Compostela a condición de administración expropiante e beneficiaria dos bens e dereitos afectados.

Con anterioridade á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, o proxecto - promovido pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda-, someteuse pola administración municipal ao trámite de información pública, segundo esixe o apartado 4 da Lei 3/2016, mediante anuncios que para o efecto se publicaron nos xornais e no Boletín Oficial da Provincia do día 27 de marzo de 2017. Simultaneamente, practicouse citación persoal aos titulares das parcelas afectadas segundo figuran no Catastro.

O Consello da Xunta de Galicia, na mesma sesión de 5 de outubro de 2017, acordou “declarar urxente a ocupación dos bens e dereitos afectados pola fase I do proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela ...”

2. Efectos da declaración de urxente ocupación

A declaración da urxente ocupación ten como efecto principal habilitar a ocupación dos bens e dereitos afectados con anterioridade á determinación do seu prezo xusto, sendo preciso a tal fin o cumprimento pola administración expropiante dos seguintes requisitos:

- a) A CONVOCATORIA aos titulares de bens e dereitos afectados para o acto de levantamento das actas previas á ocupación, que haberá de efectuarse cunha antelación mínima de oito días, mediante notificación persoal e publicación de edictos nos Boletíns Oficiais da Provincia e do Estado, no taboleiro de edictos do Concello e nos xornais.
- b) O levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN, nas que se describirán os respectivos bens afectados e se farán constar “todas las manifestaciones y datos que aporten (...) y que sean útiles para determinar los derechos afectados, sus titulares, el valor de aquéllos y los perjuicios determinantes de la rápida ocupación”
- c) A formulación das FOLLAS DE DEPÓSITO PREVIO Á OCUPACIÓN, nas que, segundo o resultado das actas previas, se reflectirá o valor estimado dos bens e dereitos afectados, e, de ser o caso, a indemnización polo importe dos prexuízos derivados da rápida ocupación (mudanzas, colleitas pendentes, ou outros conceptos debidamente xustificadas). As follas de depósito previo e/ou de indemnización dos prexuízos - formuladas polo perito da administración-, haberán de trasladarse a cada interesado, quen -sen carácter de recurso- poderá obxectar sobre a existencia de erros materiais na determinación do depósito ou inaxeitada apreciación das indemnizacións que de ser o caso procedan.
- d) O PAGAMENTO, ou, de ser o caso, CONSIGNACIÓN das cantidades anteriormente fixadas: a cantidade determinada como depósito previo ou indemnización haberá de consignarse na Caixa Xeral de Depósitos, agás que o expropiado, se non

houbera cuestión ou dúbida sobre a súa titularidade, opte expresamente por percibir o seu importe renunciando aos intereses legais que se establecen no apartado 4º do artigo 52 da LEF.

e) Efectuado o depósito ou o pagamento das cantidades sinaladas, a Administración procederá á inmediata OCUPACIÓN do ben no prazo máximo de quince días, sin que sea admisible al poseedor entablar interdictos de retener y recobrar. Será título bastante para a ocupación a acta previa, acompañada do resgardo xustificativo do depósito ou do pagamento.

f) Efectuada a ocupación, tramitarase o expediente de expropiación nas súas fases de prezo xusto e pago segundo a regulación xeral establecida na lexislación de expropiación forzosa, habendo de darse preferencia a estes expedientes para a súa rápida resolución.

3. Obxecto e contido do proxecto de expropiación

A fin de dar cumprimento ao mandato derivado da Lei 3/2016, permitindo a obtención dos bens e dereitos necesarios para executar as actuacións da fase I do Proxecto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, o Concello de Santiago, a través dos Servizos Técnicos da Sección Municipal de Planeamento, procedeu a elaborar un proxecto técnico de expropiación, cuxo contido pode resumirse en tres aspectos principais:

- Describir as parcelas afectadas, con indicación da súa superficie e outros bens afectados, con descrición, de ser o caso, dos restos de finca matriz non suxeitos á expropiación.
- Identificar aos seus titulares, de acordo coa información do Catastro, e, de ser o caso, coa que se obteña do Rexistro da Propiedade, ou se acredite documentalmente.
- Propoñer o valor de taxación dos bens e dereitos afectados, a fin de formular as follas de depósito previo á urxente ocupación, e, cando proceda, iniciar o expediente de determinación do seu prezo xusto.

No proxecto elaborado polo Concello identifícanse as parcelas e titulares afectados segundo o proxecto aprobado pola Xunta, que parte do parcelario e da información catastral. Porén, logo de analizar a documentación dos expedientes urbanísticos que foron tramitados polo Concello na zona (expropiación do vial Sar - Ponte Pedriña, e reparcelación do polígono 14-15-17-18-19 do PERI-7), detectouse a posible presenza de restos de parcelas, non obtidos nos citados expedientes urbanísticos, que poderían seguir a ser de titularidade privada (non municipal). No suposto de resultar xustificada a

titularidade das ditas parcelas segundo a documentación que consta achegada polos respectivos interesados, o proxecto de expropiación incorpora o resultado daquela xustificación. Todo ilo sen prexuízo da posibilidade que asiste aos interesados de denunciar posibles erros na identificación dos bens e titulares afectados, con anterioridade ao levantamento das actas previas, segundo prevé o artigo 56.2 do Regulamento da Lei de expropiación forzosa.

No proxecto inclúese tamén a valoración dos bens afectados, a fin de formular as follas de depósito previo á ocupación, se ben, dado o carácter urxente da expropiación, o expediente de prezo xusto haberá de iniciarse con posterioridade á ocupación.

A valoración total dos bens e dereitos afectados suma 68.976,97 euros.

Obra no expediente **informe de fiscalización da Interventora municipal**, asinado o 1 de febreiro de 2018, do que resulta a existencia de crédito adecuado e suficiente, se ben advirte que *“a aplicación de imputación do gasto está pendente de expediente de habilitación de crédito resultante da incorporación de remanentes de obrigada incorporación ao exercicio 2018 como resultado da súa fonte de financiamento afectado (endebedamento) en contía de 170.000 euros proxecto de orixe 2016/2/MODAL/39”*

4. Proposta de acordo

Con base en todo o exposto, propónse ao Pleno Municipal adoptar o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. En cumprimento do esixido pola Lei 3/2016 *de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese*, INICIAR O PROCEDIMENTO DE EXPROPIACIÓN FORZOSA, CON URXENTE OCUPACIÓN, dos bens e dereitos necesarios para executar a fase I do *Proxecto integrado da Estación intermodal de Santiago de Compostela*, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 5 de outubro de 2017.

SEGUNDO. APROBAR O PROXECTO TÉCNICO DE EXPROPIACIÓN dos bens e dereitos afectados, no que se contén a súa descrición, a identificación dos seus titulares, e a proposta de taxación do seu valor.

En cumprimento do disposto polo artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, **convocarase aos titulares afectados para o levantamento das actas previas á ocupación**, cunha antelación mínima de 8 días, mediante citación persoal e publicación de edictos no taboleiro municipal, en dous xornais, no Boletín Oficial do Estado e no Boletín Oficial da Provincia.

O pagamento ou consignación das cantidades necesarias quedará condicionado á aprobación do expediente de habilitación de crédito de incorporación de remanentes do proxecto 2016/2/MODAL/39.”

Con respecto a este expediente tamén emitiu informe intervención, núm. 34/2018, con data 1 de febreiro do corrente ano.

Xa que logo, a vista do informe xurídico emitido, do informe de intervención municipal núm. 34/2018 de 1 de febreiro de 2018 con observacións, e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, correspondente a súa sesión ordinaria do día 8 de febreiro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

Primeiro: Iniciar o procedemento de expropiación forzosa, con urxente ocupación, dos bens e dereitos necesarios para executar a fase I do proxecto integrado da Estación intermodal de Santiago de Compostela, en cumprimento do esixido pola Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 5 de outubro de 2017.

Segundo: Aprobar o proxecto técnico de expropiación dos bens e dereitos afectados, no que se contén a súa descrición, a identificación dos seus titulares, e a proposta de taxación do seu valor.

En cumprimento do disposto polo artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, convocarase aos titulares afectados para o levantamento das actas previas á ocupación, cunha antelación mínima de 8 días, mediante citación persoal e publicación de edictos no taboleiro municipal, en dous xornais, no Boletín Oficial do Estado e no Boletín Oficial da Provincia.

O pagamento ou consignación das cantidades necesarias quedará condicionado á aprobación do expediente de habilitación de crédito de incorporación de remanentes do proxecto 2016/2/MODAL/39.

4. PROPOSTA AO PLENO PARA QUE SE PRONUNCIE SOBRE A APROBACIÓN OU REXEITAMENTO DO CONVENIO CON AUGAS DE GALICIA E ACUAES, PARA EXECUTAR AS OBRAS DA NOVA EDAR DO SOUTO.

Con relación ao asunto do epígrafe, o día 5 de febreiro de 2018, o Director da Asesoría Xurídica emitiu o seguinte informe:

“Sobre o proxecto de Convenio de colaboración de Augas de Galicia, Aguas de las cuencas de España, S.A. (ACUAES) e o Concello de Santiago de Compostela para executar as obras da “Nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Santiago de Compostela. Emisario e EDAR de “O Souto”.

ANTECEDENTES

1. A parte expositiva do convenio relata que ACUAES ten o encargo de contruír a obra “B.8.02. Saneamento de Santiago de Compostela. Emisarios e EDAR do Souto” coa finalidade de resolver os problemas de capacidade hidráulica da depuradora actual, tratar todo o caudal que chega á EDAR, e acadar os obxectivos de vertedura ao medio receptor e do tratamento de lodos eficiente, cun investimento previsto de 59.777.244,92 €.

Sinala que o Concello de Santiago de Compostela ten atribuídas competencias en materia de rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais (artigo 25 da LBRL) e que Augas de Galicia é a entidade pública empresarial adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio entre cuxas funcións están as de participar nas obras de interese xeral do Estado con suxeición aso convenios que se subscriban.

Refire que a Lei 10/2001, do 5 de xullo, do plan hidrolóxico nacional, incluíu como obra de interese xeral do Estado a “Mellora dos colectores xerais e EDAR de Santiago” e que o protocolo xeral de colaboración do Ministerio de Medio Ambiente e a Xunta de Galicia do 2.02.2009 fixou o marco de execución do Plan nacional de calidade das augas e incluíu no seu Anexo I a antedita actuación.

Expón que a Dirección Xeral da Auga autorizou a redacción dun anteproxecto da EDAR de Santiago no ano 2009 que a ubicou na zona da Silvouta pero posteriormente ACUAES e a Consellería de Medio Ambiente desenvolveron outro estudo de alternativas que considerou un novo emprazamento en O Souto, redactouse o anteproxecto e realizouse unha nova avaliación ambiental.

Explica que as obras consisten en prolongar o colector interceptor do río Sar ata a EDAR do Souto; construír una nova EDAR en O Souto para un caudal medio de 86.400 m³/día mediante o proceso de lodos activos convencional, tratamento terciario, de tormentas, e de lodos con prehidrólisis do lodo e dixestión anaerobia; construír unha vía de acceso á EDAR; execución das acometidas exteriores á EDAR para subministrar a electricidade, o gas e a auga potable; e a demolición da EDAR existente en Silvouta con recuperación ambiental e paisaxística.

Finalmente, precisa que a información pública do anteproxecto aprobouse pola Dirección Xeral da Auga o 19.06.2017 e, con carácter previo á licitación das obras, fórmulase este convenio de colaboración.

2. A cláusula I do convenio define as actuacións obxecto do convenio e o seu orzamento de 56.057.244,92 €, IVE excluído, coas anualidades de 2017 a 2023 para os efectos orzamentarios.

A cláusula II enumera as obrigacións das partes que, en concreto, para o Concello de Santiago de Compostela son as de xestionar as súas competencias tocantes á rede de sumidoiros e tratamento de augas de xeito que se sexa compatible coa nova infraestrutura, adaptar o plan de ordenación municipal ás novas instalación, poñer gratuitamente a disposición de ACUAES os terreos precisos para a execución das obras, facilitar a execución das obras e o funcionamento das instalación, asumir as obrigacións orzamentarias para cumprir os compromisos asumidos no convenio, pagar as achegas que resulten das cláusulas III e V, asumir o mantemento e conservación das instalacións consonte a cláusula V, e resolver con suxeición aos principios de boa fe e lealdade os problemas que xurdan no desenvolvemento do convenio.

A cláusula V establece as previsións para financiar as obras e a forma de pago. En resumo, o 60% do custo elixible inclúese no FEDER e a cantidade restante finánciase con achegas da Xunta de Galicia e do Concello por importe de cadanseus 12.893,11 €. O déficit de financiamento procedente do FEDAR que se poida rexistrar será asumido pola Xunta de Galicia e o Concello por parte iguais. A Xunta de Galicia e mailo Concello, segundo proceda, tamén asumirán os gastos ocasionados polas operacións financeiras necesarias para cubrir os desfasamentos temporais entre os pagos e os cobros.

As achegas municipais considéranse tarifas anticipadas das previstas na cláusula VI, incluírán o IVE repercutible e aboaranse no prazo de 30 días naturais desde que se emitan as correspondentes facturas.

ACUAES pode solicitarlle ao Ministerio de Agricultura que requira do de Facenda a retención de créditos na Participación nos Ingresos do Estado correspondentes ao Concello, como garantía adicional en caso de incumprimento das obrigacións de pago determinadas no convenio. No caso de demora será aplicable o interese derivado da Lei 3/2004, do 29 de decembro.

As cláusula IV e V regulan o custo do investimento e a explotación das instalacións. A titularidade da explotación correspóndelle a ACUAES durante un período máximo de 45 anos e os seus custos repercutíranse nas tarifas que aboe o Concello. Transcorridos os primeiros 4 anos, o Concello pode solicitar a ACUAES asunción da explotación e

nese caso será o responsable das operacións de conservación, mantemento e reposición de equipos.

A cláusula VI regula a tarifa que o Concello lle debe aboar anualmente a ACUAES pola depuración da auga na nova infraestrutura, cuxos compoñentes cubrirán os gastos de funcionamento, explotación e conservación da obras e parte dos gastos xerais da sociedade estatal (2% do custo real do investimento), por pagos semestrais e con liquidación anual.

A cláusula VII contén a programación temporal de construción e explotación da EDAR: trala adxudicación do contrato, as previsións son de 12 meses para aprobar o proxecto, 36 meses para executar as obras e 12 para a súa posta en marcha, máis 4 primeiros anos de explotación.

As cláusulas VIII, IX, X, XI e XII regulan o dereito á información, a comisión de seguimento, a modificación, vixencia e duración do convenio, a súa extinción e a publicidade. Finalmente, a cláusula XIII refírese á xurisdición competente.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1º de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante, LRSP), define os convenios como os acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público ou as universidades, entre eles ou con suxeitos de dereito privado, que non poden ter por obxecto prestacións propias dos contratos. Tamén establece no seu apartado 2 os tipos de convenios e, en concreto no parágrafo a), os asinados entre dúas ou máis administracións públicas ou entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes deles para o exercicio de competencias propias ou delegadas. Precisamente a ese tipo pertence o convenio que nos ocupa.

2. O artigo 48 enumera os requisitos de validez e eficacia dos convenios e prevé que a súa subscrición debe estar xustificada pola mellora na eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A xestión e xustificación dos gastos derivados dos convenios axustaranse á lexislación orzamentaria, os compromisos financeiros deberán ser sustentables e responder á capacidade económica das partes que os subscriban, e as achegas financeiras que se comprometan non poderán superar os gastos derivados do convenio. Finalmente, os convenios perfecciónanse pola prestación do consentemento das partes.

3. O artigo 48 precisa o contido mínimo dos convenios: a) os suxeitos que o subscriben e a capacidade xurídica coa que actúan, b) a competencia en que se basea a actuación dos intervinientes, c) o seu obxecto e as actuacións que correspondan a cada interviniente así como a titularidade dos resultados que se obteñan, d) as obrigacións e compromisos económicos asumidos por cadaquén coa súa programación temporal por anualidades e a imputación orzamentaria concreta, e) as consecuencias derivadas dos incumprimentos cos criterios de determinación de responsabilidades, f) os mecanimos de seguimento, vixilancia e control de execución, g) o réxime de modificación e h) o prazo de vixencia.

4. Os artigos 50, 51 e 52 da LRSP regulan os trámites preceptivos para subscribir convenios, a súa extinción e os efectos da súa resolución. Finalmente, o artigo 53 dispón que se remitirán ao Tribunal de Contas os convenios dos que deriven compromisos económicos que superen os 600.000 €.

5. O convenio obxecto de consideración axústase en termos xerais ás prescricións legais aplicables aínda que carece -ou alomenos o que subscribe non tivo acceso a ela- da memoria xustificativa sobre a súa necesidade, oportunidade e impacto económico - memoria esixida polo artigo 50.1 da LRSP. Non estou en condicións de asegurar que ese requisito se poida entender emendado polo protocolo xeral de colaboración do 2.02.2009 subscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente e a Xunta de Galicia.

En relación co anterior, a determinación final das obrigacións económicas do Concello depende de circunstancias posteriores como o decurso da execución das obras e/ou o cumprimento de previsións sobre as achegas do FEDER.

6. A competencia municipal referente ao servizo de depuración de augas residuais vén determinada polo artigo 25.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,

“c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.”

en relación co artigo 5º da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que establece:

Artigo 5º. Competencias dos entes locais

1. Correspóndenlles aos entes locais, de conformidade co establecido na lexislación de réxime local, as competencias relativas ás seguintes materias:

- a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario.
- b) A rede de sumidoiros.

c) O tratamento das augas residuais, respecto das instalacións non comprendidas no ámbito do artigo 32º desta lei, ou ben respecto daquelas sobre as que os municipios non exerciten a opción prevista na disposición transitoria quinta.

d) O exercicio de calquera outra función establecida nesta lei ou no resto do ordenamento xurídico aplicable.

2. As entidades locais, no exercicio das competencias establecidas na alínea anterior, poderán executar obras hidráulicas, mesmo as de interese da Comunidade Autónoma, mediante o correspondente acordo.

3. As entidades locais participarán na entidade Augas de Galicia nos termos regulados por esta lei e nas súas normas de desenvolvemento, así como nos organismos de conca das demarcacións hidrográficas correspondentes a concas intercomunitarias nos termos que indique a súa lexislación específica.”

7. De principio pódese interpretar que, á vista das disposicións do artigo 174.2.a) e 174.3 da Lei reguladora de facendas locais (sobre autorización de compromisos de gastos plurianuais), a decisión sobre o convenio compételle ao Pleno da Corporación. Iso sen prexuízo do criterio que sobre esta cuestión manteña a Intervención municipal.

CONCLUSIÓN

Polo exposto, ao meu modesto xuízo, o proxecto de convenio obxecto de análise axústase a dereito e pódese remitir ao Pleno da Corporación para a súa tramitación, deliberación e resolución, sen prexuízo das observacións referentes á memoria xustificativa e determinación final das obrigacións económicas da Corporación.”

Así mesmo, tamén emitiu informe Intervención Municipal con data 5 de febreiro de 2018, núm. 35/2018, e que a seguir se transcribe:

“Asunto: Informe a solicitude do Sr. Alcalde sobre borrador de Convenio entre a Entidade Pública empresarial Augas de Galicia, O Concello de Santiago, e a sociedade estatal Aguas de las Cuencas de España S.A. para a execución das obras da Nova EDAR de Santiago de Compostela (EDAR O SOUTO)

ANTECEDENTES OBRANTES NO CONCELLO

- Consta un Convenio asinado de similares características para a EDAR da Silvouta de data 7 de agosto de 2014 Informes de intervención nº 453/2014 de 30 de xuño, informe nº 960/2015, 723/2016 e 690/2017, neles se manifestaban os reparos de intervención sobre a calificación no seu día a firma do convenio como unha transferencia de capital o que ten a natureza de “anticipos a conta” de gastos a imputar no capítulo 2 do

orçamento referentes as chamadas “tarifas” a abonara a ACUAES durante o período da posta en uso da EDAR e tamén pola concreción derivada no convenio ao respecto das obrigas económicas asumidas ca súa sinatura.

- A natureza xurídica dos “anticipos” financeiros de “gasto corrente futuro” do Concello asumidos ca sinatura do convenio, finalmente, e rectificando o criterio mantido no informe nº 723/2016 de data 14 de novembro (páxina nº 3) foron asumidos polo Concello e Intervidos de conformidade pola Intervención como “gastos financeiros” do Orzamento do Concello imputables ao Capítulo 8 do mesmo en forma de anticipo reintegrable durante o período temporal no que o Concello teña que facer fronte as tarifas de explotación.

Polo exposto e cos antecedentes referidos se

INFORMA

1) A cláusula II.letra c) define as obrigas do Concello no marco da proposta de convenio.

O punto 3 de dito apartado define a obriga de achega do Concello dos terreos necesarios para a execución.

Non consta informe sobre o contido económico de dita obriga, constituíndo **unha indeterminación** que supón unha limitación ao informe de intervención e a cuantificación dos propios compromisos económicos, que deberá minimizarse **ca inclusión** dos informes pertinentes do departamento de patrimonio e/ ou urbanismo que poña de manifesto o impacto económico de dita obriga a efectos do informe preceptivo de intervención de suficiencia de crédito ou innecesiedade do mesmo por ser os terreos xa na actualidade propiedade do Concello no seu caso.

2)Os puntos 5 e 6 establecen obrigas que se materializan e concretan na cláusula III, V e VI do borrador.

Tendo en conta que ten sido asinado con anterioridade outro convenio(EDAR da SILVOUTA) asimilable en contido, ao que agora se plantexa nos remitimos aos informes referidos nos antecedentes e asinados no seu día, xa que do mesmo xeito que no anterior convenio asinado as contías económicas que achegaría este Concello segundo o borrador de convenio que se remite, son contías “**estimativas**” en base a previsión de que a Entidade Cuencas do España S.A. que é quen adxudicará e executará as obras consiga financiamento europeo para o investimento previsto de 56.057.245 e ademais que, dese financiamento sexa elixible un 90 % 50.451.521 e dicir que se financie con fondos da UE o 60 % 30.270.913 euros.

A achega, pois de ACUAES, será tan só a achega que fai a UE a través dos Fondos FEDER, sendo que si finalmente, a achega europea se reduce por razóns non imputables ao Concello (caso que sucedeu xa no convenio da EDAR da Silvouta), será sin embargo a achega municipal a que se verá incrementada (páxina 19 do borrador de convenio).

O cadro incorporado ao borrador de convenio fai referencia as seguinte distribución de achegas a efectos de previsión de “... anualidades de investimento a financiar ...”

	Investimento	SUB FEDER	Augas de Galicia	Concello
Ata 2017	200.000	40.000	80.000	80.000
2018	2.500.000	1.350.000	575.000	575.000
2019	8.000.000	4.320.000	1.840.000	1.840.000
2020	15.000.000	8.100.000	3.450.000	3.450.000
2021	20.000.000	10.800.000	4.600.000	4.600.000
2022	10.057.245	5.430.913	2.313.166	2.313.166
2023	300.000	230.000	35.000	35.000
TOTAL	56.057.245	30.270.913	12.893.166	12.893.166

Se deberá modificar o cadro anterior incorporado na páxina 32 en tanto en canto non procede comprometer achegas municipais plurianuais cunha imputación inicial da primeira anualidade no 2017 en data febreiro de 2018.

3) As achegas do Concello teñen a natureza xurídica por convenio de “ Tarifas anticipadas “ das previstas na cláusula VI do citado xa convenio (Contía anual a aboar polo Concello durante o tempo de utilización da Infraestrutura que ao igual que no convenio asinado para a EDAR da Silvouta será propiedade de Cuencas de España S.A.) ata o intre de que en todo caso fose entregado ao Concello e / ou , no seu caso a outras Administracións Públicas interesadas de “ .. conformidad con cualquiera de las modalidades de gestión de competencias propias de dichas Administtraciones que se habilite en la legislación vigente ... “ neste senso o convenio refire claramente previo abono das cantidades pendentes á sociedade Estatal por calquera concepto, entre os que obviamente se inclúen os de recuperación do custo de investimento e os tributos que no seu caso correspondan.

O concepto de “anticipo de tarifas por prestacións de depuración de augas” dunha infraestrutura que está en execución choca dende o punto de vista desta intervención tanto ca regra do “servizo prestado “ para o recoñecemento das obrigas a que está sometida a Administración pública.

As condicións económicas dese “anticipo” de tarifas, supón un desembolso para o Concello anticipado dunhas “tarifas de explotación” futuras de natureza ordinaria a imputar como gastos do capítulo 2 do Orzamento, das que se prevé inicialmente un período de desembolso de ata o ano 2068 e que inclúen uns gastos de funcionamento de ACUAES e unha imputación inicial dun 2% en concepto de gastos xerais da mesma (“inicialmente” se dí na páxina 22 da proposta de borrador).

Será só no marco dese prazo temporal (ata o 2068) que ACUAES irá devolvendo por compensación o “anticipo efectuado” polo Concello.

Pola súa parte a achega de Augas de Galicia, ten a diferenza da achega municipal, a natureza xurídica por convenio de “subvención” na contía de **12.893.166** euros sen IVE (cláusula III apartado b).

Como xa se deixou informado anteriormente, a achega dineraria anticipada polo Concello, que ACUAES destinará como fonte de financiamento do investimento que realiza, **non queda pechada en porcentaxe** na proposta de convenio, nin coantificada, sendo que na páxina 15 do convenio se introduce que o déficit de financiamento producido polos fondos europeos se financiarán ao 50 % entre Augas de Galicia e Concello. E sendo quede acordo co establecido na páxina 19 último parágrafo da proposta de convenio, o Concello verá modificada tamén a súa porcentaxe de achega financeira en forma de “anticipos de tarifas”, no caso de incidencias de calquera natureza, modificación revisións de prezos, obras complementarias sen que ningunha desas modificacións “ ... afectará en ningún caso al importe máximo de la contribución financiera de la Sociedad Estatal con cargo a las subvenciones de los Fondos Europeo...”

Para o Concello xurde da sinatura de proposta do convenio uns “anticipos financeiros” durante as anualidades 2018 a 2023 dun futuro gasto orzamentario a materializar ata o ano 2068, si ben ese gasto aínda non está devengado.

A cuantificación, a súa propia vez, das tarifas futuras de explotación introducen unha marxe non determinada de porcentaxe de imputación de gastos xerais da sociedade ACUAES (**cláusula VI letra a) punto 2.**

Por último se articula que será o Consello de Administración da Sociedade Estatal órgano competente suficiente para que o Concello asuma a variación dos compromisos inicialmente determinados. Tan só se requirirá o previo informe da comisión de seguimento.

CONCLUSIONES

- As achegas as que deberá facer fronte o Concello non está determinadas, nin son determinables na súa integridade na proposta de convenio a vista do redactado da cláusula II letra c) e cláusula IV e cláusula VI, polo que se deixa constancia dos REPAROS de Intervención ao texto do borrador de convenio polo que fai a inexistencia de determinación firme ou aproximada sobre a contía económica que se deriva dos terreos a expropiar, como polo que fai a indeterminación da porcentaxe de financiamento que suporán os “anticipos de tarifas” pola obriga que se deriva de asunción da integridade de “custes adicionais” incluído o 50 % déficit de financiamento que se produza por desviacións nos fondos FEDER, como, por último, pola propia indeterminación da fórmula de cálculo para a determinación das “tarifas de explotación” que deberá soportar o orzamento do Concello.

Non sendo suficiente para a determinación das modificacións coantitativas nas achegas o mero informe favorable da Comisión de seguimento e o acordo do Consello de administración da Sociedade estatal (cláusula IV páxina 9 último parágrafo).

Estas indeterminación, na contía das achegas, con independencia do informe xurídico que debe constar no expediente, entraría ao noso xuízo, en contradición co establecido no artigo 48 punto 4 e 49 da Lei 40/2015 e a normativa en materia de compromisos plurianuais establecida no TRLFL polo que deberá subsanarse.

- O expediente deberá completarse, en todo caso, cos informes previos e as concrecións no seu redactado que permitan avaliar en todos os seus extremos os compromisos plurianuais que o Concello asume, así como ca propia proposta de acordo **a efectos de poder emitir o preceptivo informe de fiscalización nos termos establecidos na lexislación vixente**, non obstante se informa que **non constano intre da emisión deste informe, crédito adecuado e suficiente** no orzamento do actual exercicio, prórroga do exercicio 201, para acometer o gasto de 575.000 euros mais IVE estimado na anualidade do exercicio 2018 para o abono de parte das “tarifas anticipadas” que se prevé como forma de achega ao financiamento da execución da obra.

Este feito, no informe preceptivo de fiscalización, e a vista do resto de documentación que conforme o expediente daría lugar, en todo caso, a un reparo suspensivo a aprobación do borrador do convenio de acordo ao establecido no artigo 216 punto 2 letra a) do TRLFL.

Correspondería ao Pleno do Concello a competencia para a resolución, no seu caso das discrepancia de conformidade co establecido no artigo 217 do TRLFL ata a constancia da existencia do citado crédito adecuado e suficiente.

O que se informa, ante esa Alcaldía, con independencia de queas achegas globais de 12.893.166 máis IVE deban a súa vez, plurianualizarse de novo, xa que conteñen no seu desglose unha achega non materializada na anualidade do 2017 de 80.000 máis IVE.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 10 votos en contra, correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular. Os concelleiros e concelleiras do PSdeG e do BNG, non exerceron o voto, polo que se acorda non levantar o reparo efectuado pola Intervención Municipal que se reflicte no informe transcrito, núm. 35/2018.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE MEDIDAS DE IMPULSO PARA A MELLORA DO BARRIO DE SAN LORENZO E O CARME DE ABAIXO.

Auséntase a señora interventora, que xa non se reincorpora ao resto da sesión.

O texto da proposición do epígrafe presentada con data 5 de febreiro de 2018, núm. 28, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O barrio de San Lourenzo é, ademais dun lugar emblemático na historia local, o inicio da antiga ruta de Fisterra, para algúns o epílogo de resonancia pagán do Camiño de Santiago, o único no que a cidade do Apóstolo non é meta senón punto de partida cada paso máis transitado. A súa situación na ribeira do Sarela fai que sexa, xunto co Carme de Abaixo, unha zona ben integrada na natureza pero non así na malla urbana da cidade. A pesar dos innegables avances dos últimos anos na dotación de servizos básicos e da excelencia dalgúns enclaves concretos, existen aínda moitas carencias, tal e como o veñen manifestando desde hai tempo os representantes veciñais.

A súa proximidade ao núcleo histórico (coa Praza do Obradoiro apenas a 800 metros) e a súa consideración dentro do ámbito monumental, contrasta co seu afastamento nalgúns aspectos dos estándares mínimos de calidade de vida da maior parte do Concello, a pesar da implicación e dos esforzos que realiza a maioría da veciñanza.

Son moitas as demandas e necesidades que nos ten transmitido a veciñanza, moitas delas asociadas ao rápido crecemento urbano e ás transformacións dos últimos anos, que

se poderían ir abordando con actuacións asumibles acompañadas conforme a criterios de prioridade previamente acordados. Entre eses asuntos que se poderían -e deberían- abordar sinalamos os seguintes:

En materia de mobilidade, a necesidade de actuar para paliar os altos índices de tráfico que a veciñanza soporta por mor da proximidade do Campus Sur, os centros de ensino primario e secundario e as instalacións sanitarias do CHUS. As demandas céntranse en medidas para calmar o tráfico (pasos elevados), o cambio progresivo dos bolardos (na rúas Poza de Bar e San Lourenzo, varios deles con formato perigoso en ángulo e, por riba, algúns tortos por impacto de vehículos) e unha maior regulación do aparcamento en horas coincidentes coa entrada e saída do alumnado no Pío XII e Xelmírez II.

Por mor da seguridade vial tamén reclaman a retirada de dúas rochas “colgantes” na Corredoiira dos Muíños, situadas á beira mesmo do vial que dificultan o tránsito e supoñen unha constante ameaza para vehículos e persoas.

Outra das inquiredanzas refírese a un maior control urbanístico. Na zona existen casas abandonadas e en mal estado, con risco de desprendementos ou caída de elementos polo que sería preciso instar á súa fixación e mantemento. Existe tamén unha crecente preocupación polas ocupacións irregulares e ilegais en determinados lugares (nas inmediacións da ponte Sarela habitando en casetas de obra e na zona traseira dunha importante instalación hoteleira) e bótase en falta unha maior atención e vixilancia en materia de disciplina urbanística para evitar a situacións de degradación ambiental con construcións fora de ordenación e sen atender á normativa.

En relación coa calidade ambiental e paisaxística reclaman a retirada de varias columnas de ferro que atravesan distintas propiedades que noutrora soportaban o tendido eléctrico, pero que na actualidade se atopan sen uso e enferruxidas, cun forte impacto visual e con potencial risco nas súas proximidades.

No tocante, ao medio natural, solicitan unha maior atención á Carballeira de San Lourenzo, para conservar e mesmo renovar as árbores máis antigas, sempre tendo presente que o conxunto se atopa incluído entre as “formacións senlleiras de Galicia”, con carballos varias veces centenarios, considerados os máis antigos do Concello. Nos últimos anos algúns exemplares da zona acabaron caendo (o último en decembro do ano pasado), outros atópanse secos e doutros teñen caído pólas, poñendo de manifesto a necesidade de actuar con medidas de prevención para atallar posibles accidentes e mesmo unha posible reposición con novos exemplares que garantan a vitalidade deste histórico e emblemático lugar e o seu goce polas futuras xeracións.

En relación con este senlleiro ámbito natural, advirten da ameaza que supón en determinadas épocas do ano que a carballeira se empregue como aparcamento e lugar de botellón, cuestión que se debería analizar e regular.

Tamén se sinala a necesidade dunha maior frecuencia nos traballos de roza e limpeza nas marxes dos accesos de todo o ámbito do barrio, onde existen lugares que nunca reciben atención.

En materia de calidade ambiental e convivencia, a veciñanza denuncia a proliferación de ruídos nocturnos, pintadas, concentracións na carballeira e problemas cos aparcamentos en zonas non habilitadas, que vinculan coa actividade dunha sala de concertos nas proximidades. Por desá actividade, reclaman unha maior presenza policial en días sinalados que regule e canalice axeitadamente o incremento de persoas en horario nocturno en determinadas datas.

Á vista deste conxunto de necesidades que formulan os representantes veciñais do barrio de San Lourenzo e do Carme de Abaixo, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a que, tal e como se detalla nesta iniciativa, que é reflexo das principais demandas da veciñanza, se acometa un conxunto de accións en materia de ordenación e seguridade viaria, de control urbanístico, de mellora ambiental e de convivencia, que garantan un impulso e unha maior integración do barrio de San Lourenzo e do Carme de Abaixo no entramado urbano da cidade e axuden a potenciar os seus senlleiros atractivos asociados á historia da cidade e do Camiño de Santiago.”

Á devandita proposición presentou emenda de supresión o grupo municipal do BNG, que non foi aceptada polo grupo proponente.

Xa que logo, o Pleno da Corporación por 21 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do PSdeG-PSOE (8 PP, 10 CA e 3 PSdeG-PSOE), e 2 abstencións correspondentes ao concelleiro e concelleira do BNG, acordainstar ao correspondente órgano do goberno local a que, tal e como se detalla na iniciativa transcrita, que é reflexo das principais demandas da veciñanza, se acometa un conxunto de accións en materia de ordenación e seguridade viaria, de control urbanístico, de mellora ambiental e de convivencia, que garantan un impulso e unha maior integración do barrio de San Lourenzo e do Carme de Abaixo no entramado urbano da cidade e axuden a potenciar os seus senlleiros atractivos asociados á historia da cidade e do Camiño de Santiago.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, EN RELACIÓN A ACTUACIÓNS URXENTES NO BARRIO DE VITE.

Con data 6 de febreiro do corrente ano, e número de rexistro 30, presentouse a proposición que a continuación se transcribe:

“O Grupo Municipal Socialista mantivo unha xuntanza coa Asociación Veciñal e Cultural Monte de Deus que rematou cunha visita ás rúas de Vite de Arriba, Vite de Abaixo, Cima da Eira e a rúa das Pereiriñas co obxecto de comprobar “in situ” os problemas e incomodidades que cada día está a padecer a veciñanza que reside neste ámbito da cidade.

Os representantes veciñais reivindicán actuacións que consideran urxentes no barrio e que levan anos sen arranxar polos gobernos municipais: obras de mantemento, desbroce, limpeza, fochancas, sinalización...etc.

Unha petición importante é a mellora e coidado do miradoiro de Monte de Deus, con importantes posibilidades e que non está sendo potenciado polo goberno municipal. Así, dende a asociación apostaron pola instalación non só dun parque biosaútable e dun parque infantil, senón pola recuperación dun espazo natural magnífico e desde o que se poden contemplar unhas vistas únicas da cidade.

É necesario, así mesmo, abordar a mellora do transporte público, que na actualidade non cubre a demanda veciñal existente. Existen problemas coas frecuencias e unha soa parada de bus para todo o barrio o que perxudica a integración coa cidade.

Detalladamente relacionamos cada unha das peticións xa demandadas pola asociación e que a día de hoxe aínda non están solucionadas:

1.- As inundacións continuas en Vite de Abaixo debido ás augas que baixan do Monte de Deus. Resulta unha prioridade canalizar e substituír as canaletas existentes por outras de maior diámetro, ao tempo que se solicita cubrilas cunha alcantarilla para posibilitar o paso dos vehículos por esta pista especialmente estreita. Debemos indicar que a día de hoxe están totalmente obstruídas e cheas de maleza.

2.- Estudar a mobilidade na rúa Vite de Abaixo, valorando a opción de converter esta rúa en peonil de acordo co que están a demandar os residentes e a posibilidade de retirar as sinais de prohibido aparcar.

3.- Na rúa Cima da Eira fórmanse balsas de auga que dificultan o tránsito normal dos residentes que se atopan con dificultades para saír e entrar das súas vivendas, polo que

se considera absolutamente necesario recoller as augas e arranxar a rúa para poñer fin ás inundacións que se producen constantemente.

4.- A beirarrúa que vai a Vite de Arriba atópase coas baldosas levantadas, denunciándose caídas continuas dos viandantes requirindo algún asistencia sanitaria.

5.- As rúas deste ámbito teñen o pavimento en moi mal estado e atópanse cheas de fochancas, necesitando unha actuación inmediata.

6.- Así mesmo, é necesario abordar medidas de limpeza de maleza e arborado por risco de incendios no período estival e mesmo porque as árbores cobren o alumado público, ameazando os cables de condución eléctrica.

7.- Finalmente destacar a falta de limpeza, sendo necesario estudar coa empresa concesionaria un aumento na frecuencia na limpeza das rúas, así como dotar de máis contenedores de reciclaxe.

Por todo o exposto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

1.- Instar ao Goberno Municipal a estudar e avaliar os problemas expostos nesta proposición respecto das rúas de Vite de Arriba, Vite de Abaixo, Cima da Eira e a rúa das Pereiriñas.

2.- Que o Goberno Municipal fixe un calendario de actuacións coa fin de abordar durante este ano 2018 a execución das obras necesarias para solucionar os problemas detallados nesta proposición.”

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, auséntase do salón de plenos.

Rematado o debateo Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

1.- Instar ao goberno municipal a estudar e avaliar os problemas expostos nesta proposición respecto das rúas de Vite de Arriba, Vite de Abaixo, Cima da Eira e a rúa das Pereiriñas.

2.- Que o goberno municipal fixe un calendario de actuacións coa fin de abordar durante este ano 2018 a execución das obras necesarias para solucionar os problemas detallados nesta proposición.

O señor Hernández Fernández de Rojas, incorpórase ao salón de plenos.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA INCLUÍR A POSIBILIDADE DUN MODELO DE XESTIÓN PÚBLICO E GRATUÍTO DE APARCAMENTO DE VEHÍCULOS EN ROTACIÓN NA NOVA MEMORIA ECONÓMICA DO SERVIZO DA ORA.

O texto da proposición presentada con data 6 de febreiro do corrente ano e número de rexistro 32, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno co obxectivo de incluír na nova memoria económica do servizo da ORA a posibilidade de que o novo modelo de xestión pública de aparcamento de vehículos en rotación sexa gratuíto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza emitiu unha sentenza en 2015 para deixar sen efecto a adxudicación do contrato da concesión da ORA e do guindastre a favor da empresa Setex Aparki, ao verificar un incumprimento dos requirimentos en relación á superficie do depósito de vehículos.

A raíz diso, a Xunta de Goberno acordou en outubro de 2015 proceder á liquidación do contrato e de xeito simultáneo déuselle continuidade a Setex Aparki por un período de tres meses, prorrogábeis, para nese prazo o Goberno local decidir se convocar un novo concurso ou municipalizar o servizo. Mais as “prórrogas” sucedéronse, pese a que o tempo máximo de contrato expirou en xaneiro de 2017, e até chegar á novena o pasado 2 de febreiro de 2018.

No Pleno do 18 de maio de 2017 aprobouse inicialmente a proposta de asunción directa da xestión do servizo de ORA e do guindastre a través da sociedade mercantil municipal TUSSA, co voto condicionado do BNG á aceptación de alegacións para corrixir os erros detectados na proposta técnica e económica.

Entendendo que tanto por algúns cambios anunciados polo Goberno municipal, especialmente os referidos ao servizo vai ser prestado a través dunha encomenda de xestión ou non, como pola necesidade de corrección e complementación da memoria económica para dar cumprimento ao estipulado por lei, será preciso para a aprobación final da asunción da xestión directa do servizo da ORA e do guindastre a través da empresa TUSSA a elaboración dunha nova memoria económica.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela incluírá na nova memoria económica do servizo da ORA a posibilidade de que o novo modelo de xestión pública de aparcadoiro de vehículos en rotación sexa gratuíto.”

Á proposición transcrita presentou emenda o día 14 de febreiro de 2018, núm. 59 o grupo municipal do Partido Popular, de modificación do parágrafo resolutivo da mesma, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

“O Concello de Santiago de Compostela incluírá na nova memoria económica do servizo da ORA a posibilidade de que o novo modelo de xestión pública, sexa directa ou indirecta, de aparcadoiro de vehículos en rotación non implique o cobro ás persoas usuarias, achegando un informe municipal sobre a repercusión que esta medida poida ter na sostibilidade financeira do Concello ou de TUSS e na fiscalidade local.”

Rematado o debate, e tras ser aceptada con correccións a emenda presentada, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG, e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda o Concello de Santiago de Compostela incluírá na nova memoria económica do servizo da ORA a posibilidade de que o novo modelo de xestión pública de aparcadoiro de vehículos en rotación non implique o cobro ás persoas usuarias, achegando un informe municipal sobre a repercusión que esta medida poida ter na sostibilidade financeira do Concello ou de TUSS e na fiscalidade local.

8. DAR CONTA DOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL AO PRIMEIRO SEMESTRE DO EXERCICIO DE 2017.

Dáse conta dos informes de reparos núms. 30, 37, 38, 39, 123, 128, 132, 156, 190, 191, 194, 195, 196, 210, 211, 212, 215, 224, 225, 233, 242, 260, 264, 265, 293, 296, 297, 298, 299, 315, 322, 324, 331, 345, 350 351, 353, 357, 363, 391, 410, 442, 444, 451 e 452 do ano 2017, emitidos pola Intervención Municipal ao primeiro semestre do exercicio de 2017.

9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da Alcaldía e das concellarías delegadas do 18 ao 29 de decembro de 2017 e do 2 ao 25 de xaneiro de 2018 (núms. 8367 ao 8623 e núms. 1 ao 529).

Así mesmo, dáse conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Acta sesión extraordinaria urxente do día 27 de decembro de 2017 (Núm. 99).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 28 de decembro de 2017 (Núm. 100).

Faise un receso cando son as 19:05 horas e continúaase coa sesión ás 19:28 horas.

Incorpóranse a sesión a totalidade dos/as concelleiros e concelleiras, agás o señor Rafael Vidal Pena e Reyes Santiás.

10. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de febreiro de 2018, núm. 35.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de febreiro de 2018, núm. 36.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de febreiro de 2018, núm. 37.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 7 de febreiro de 2018, núm. 41.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 48.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 49.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 50.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de febreiro de 2018, núm. 38.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de febreiro de 2018, núm. 39.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de febreiro de 2018, núm. 40.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 51.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 52.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 53.

Preguntas resposta por escrito:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 25 de xaneiro de 2018, núm. 21.

Do grupo municipal do BNG de data 30 de xaneiro de 2018, núm. 22.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 30 de xaneiro de 2018, núm. 23.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 30 de xaneiro de 2018, núm. 24.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 2 de febreiro de 2018, núm. 26.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 54.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 55.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 56.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de febreiro de 2018, núm. 57.

Incorpórase a sesión no debate do segundo rogo, o concelleiro Don Francisco Reyes Santiás.

11. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 22 de xaneiro de 2018, núm. 20, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a defensa e apoio da prisión permanente revisable.

Rexistro de entrada do día 31 de xaneiro de 2018, núm. 25, presentada polo grupo municipal do BNG, para apoiar a folga internacional de reivindicación feminista do 8 de marzo.

Rexistro de entrada do día 5 de febreiro de 2018, núm. 27, presentada polo grupo municipal do BNG, para apoiar as reivindicacións das asociacións de comerciantes para que o goberno español modifique a normativa que liberaliza o período de rebaixas.

Rexistro de entrada do día 5 de febreiro de 2018, núm. 29, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a organización de diversos actos en conmemoración do centenario do nacemento de Agustín Magán.

Rexistro de entrada do día 6 de febreiro de 2018, núm. 31, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, en relación á retirada do anteproxecto de modificación da Lei Galega de Saúde do ano 2008.

Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2018, núm. 34, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre o centro de saúde de Conxo.

Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2018, núm. 42, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, de apoio á folga internacional feminista do próximo 8 de marzo.

Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2018, núm. 43, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para a adhesión ao Pacto de Política Alimentaria de Milán (MUFPP).

Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2018, núm. 44, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en apoio á Asociación Composcleta e a coordinadora Conbici en relación coa reforma do Código Penal.

Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2018, núm. 45, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en apoio ás reivindicacións realizadas polo colectivo de pensionistas ao goberno do estado.

Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2018, núm. 46, presentada polo grupo municipal do BNG, sobre a recuperación da antiga sala Iago.

Rexistro de entrada do día 7 de febreiro de 2018, núm. 47, presentada polo grupo municipal do BNG, para a clausura dos tecnosolos do vertedoiro de Miramontes e a restauración da canteira con cuberta de terra vexetal como estaba previsto no proxecto inicial.

Os textos das proposicións dos epígrafes reproducense a continuación.

MOCIÓN PARA A DEFENSA E APOIO DA PRISIÓN PERMANENTE REVISABLE

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, que entrou en vigor o 1 de xullo de 2015, introduciu na nosa lexislación a prisión permanente revisable.

Trátase dun instrumento que existe en moitos países da nosa contorna, con gobernos de todo tipo de corte político; é unha institución coherente, que se incorpora ben ao noso modelo de garantías e ten perfecto encaixe penal.

A prisión permanente revisable, tal e como se sinala na exposición de motivos da citada Lei, non renuncia á reinserción do penado, posto que unha vez cumprida unha parte mínima da condena, "un Tribunal deberá valorar novamente as circunstancias do penado e do delito cometido e poderá revisar a súa situación persoal".

A previsión desta revisión xudicial periódica da situación persoal do penado, idónea para poder verificar en cada caso o necesario prognóstico favorable de reinserción social, di a motivación da lei, "afasta toda dúbida de inhumanidade desta pena, ao garantir un horizonte de liberdade para o condenado". Logo de cumprido o tempo mínimo da pena, "se o Tribunal considera que non concorren os requisitos necesarios para que o penado poida recuperar a liberdade, fixarase un prazo para levar a cabo unha nova revisión da súa situación; e se, pola contra, o Tribunal valora que cumpre os requisitos necesarios para quedar en liberdade, establecerase un prazo de liberdade condicional no que se impoñerán condicións e medidas de control orientadas tanto a garantir a seguridade da sociedade, como a asistir ao penado nesta fase final da súa reinserción social".

Engade a exposición de motivos que "a pena de prisión permanente revisable non constitúe, por iso, unha sorte de «pena definitiva» na que o Estado se desentende do penado. Ao contrario, trátase dunha institución que compatibiliza a existencia dunha resposta penal axustada á gravidade da culpabilidade, coa finalidade de reeducación á que debe ser orientada a execución das penas de prisión".

Igualmente sinala que se trata, en realidade, dun modelo estendido no Dereito comparado europeo que o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos considerou axustado á Convención Europea de Dereitos Humanos, posto que declarou que cando a lei nacional ofrece a posibilidade de revisión da condena de duración indeterminada con vistas á súa conmutación, remisión, terminación ou liberdade condicional do penado, isto é suficiente para dar satisfacción ao artigo 3 do Convenio.

Pese a todo iso, varios grupos parlamentarios presentaron recurso de inconstitucionalidade, recurso que o Tribunal Constitucional admitiu a trámite en xullo de 2015. A admisión a trámite non supón pronunciamento ningún sobre o fondo do asunto, aínda que algúns pretenden a derogación desta medida sen esperar o pronunciamento do Tribunal Constitucional.

Así, o 4 de outubro de 2016 o Pleno do Congreso dos Deputados debateu e aprobou por maioría dos grupos parlamentarios vasco (EAJ-PNV), socialista, de Esquerda Republicana, Confederal de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea, Mixto e a abstención de Cidadáns, e só co voto en contra do Grupo Parlamentario Popular, a Proposición non de Lei para a Derogación da Pena de Prisión Permanente Revisable.

E máis recentemente, o pasado 10 de novembro, foi admitida a trámite unha Proposición de Lei de Modificación da L.O. 10/1995 do Código Penal, que pretende derrogar a prisión permanente revisable e que contou co único voto en contra do Grupo Popular.

Tras estes feitos e actuacións, son multitude as persoas que manifestaron o seu apoio á pena de prisión permanente revisable como medio para garantir a seguridade, os dereitos e liberdades de toda a cidadanía española.

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular presenta á consideración do Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

O Concello de Santiago de Compostela manifesta:

Primeiro.- O seu apoio á figura da prisión permanente revisable incorporada ao ordenamento xurídico español pola Lei Orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal.

Segundo.- Instar aos diferentes grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados a que reconsideren a súa postura sobre a derogación da prisión permanente revisable.

Terceiro.- Dar traslado destes acordos ao Ministro de Xustiza, aos grupos políticos do Congreso, do Senado, do Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

MOCIÓN PARA APOIAR A FOLGA INTERNACIONAL DE REIVINDICACIÓN FEMINISTA DO 8 DE MARZO

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, destinada a transmitir o apoio á folga mundial de reivindicación feminista do 8 de marzo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A folga feminista do 8 de marzo pretende ser unha chamada de atención, dende o ámbito local máis próximo ao internacional, sobre a desigualdade e invisibilidade que historicamente sofren as mulleres, co obxectivo de esixir a mellora das súas condicións sociais e laborais para combater as discriminacións laborais agravadas polas medidas aplicadas baixo a coartada da crise económica.

A fenda salarial en Galiza é do 23%, pois mentres o salario medio anual dos homes estímase en 20.243 euros o das mulleres só chega aos 15.730 euros, ao que hai que engadir que os contratos a tempo parcial, temporal e discontinuo son maioritariamente femininos, o que repercute na baixa cotización, soldo, prestación do paro e das pensións. En Santiago de Compostela, hai 3.263 mulleres rexistrada no paro e 2.732 homes, segundo os últimos datos da Xunta, o que representa unha porcentaxe do 17,25% superior de desemprego por razón de xénero.

As mulleres sofren máis atrancos na conciliación da vida familiar e laboral, para o que se fai necesario mudar ideas, comportamentos e mesmo leis para poder garantir a igualdade de dereitos e de oportunidades. Tampouco se recoñecen as tarefas domésticas e de coidado familiar que adoitan recaer nas mulleres.

A convocatoria do 8 de marzo aspira a ser transversal para mudar, dende o cotiá, o sistema articulado baixo as ordes do patriarcado, do capitalismo, do racismo, da emigración e da depredación ambiental. Por estes motivos, esta folga pretende incidir no ámbito laboral, de coidados, estudantil e de consumo. As mulleres, ademais de cobraren menos de media e de sufriren máis precariedade, teñen que adquirir produtos máis caros que aplican a denominada “taxa rosa” cando están dirixidos ao mercado feminino, ademais de gravar os produtos básicos de hixiene cun 21% de IVE.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago apoiará a convocatoria desta folga de mulleres prevista para o 8 de marzo, no marco dunha xornada internacional de paros e mobilizacións para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias.

O Concello de Santiago de Compostela realizará un chamado a participar nas mobilizacións convocadas polo movemento feminista galego e a secundar a manifestación nacional unitaria.

MOCIÓN PARA APOIAR AS REIVINDICACIÓNS DAS ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES PARA QUE O GOBERNO ESPAÑOL MODIFIQUE A NORMATIVA QUE LIBERALIZA O PERÍODO DE REBAIXAS

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, para apoiar a reivindicación das asociacións de pequeno comercio de Compostela e instar ao Goberno de España a derrogar o artigo 28.3 do Real Decreto-Lei 20/2012 de 13 de xullo mediante o que liberalizou a fórmula comercial de rebaixas que está a prexudicar o sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto-Lei 20/2012 modifica, no seu artigo 28.3, a regulación sobre períodos de rebaixas establecida no artigo 25 da Lei 7/1996 de 15 de xaneiro de Ordenación do Comercio Comerciante polo miúdo, que determinaba que as vendas en rebaixas só poderán efectuarse como tales en dúas tempadas anuais; unha iniciada ao principio de ano, e a outra, en torno ao período estival de vacacións. Ademais, especificaba que a duración de cada período de rebaixas será como mínimo dunha semana e como máximo de dous meses, de acordo coa decisión de cada comerciante, dentro das datas concretas que fixarán as comunidades autónomas competentes.

A partir da aprobación do Real Decreto-Lei 20/2012, a regulación actualmente vixente establece que as vendas en rebaixas poderán ter lugar nos períodos estacionais de maior interese comercial segundo o criterio de cada comerciante e que a duración de cada período de rebaixas será decidida libremente por cada comerciante.

A Asociación de Comerciantes e Profesionais Compostela Monumental, así como a totalidade das entidades asociadas á Confederación de Centros históricos (COCAHI),

solicitan a derogación do citado artigo 28.3 do RDL 20/2012, para recuperar os dous períodos de rebaixas anuais.

Entre as razóns que aducen figura instaurar unha maior claridade e seguranza á clientela, diferenciando as rebaixas como período de venda a menor prezo dos artigos de tempada de inverno e verán, unha vez que estas rematan para evitar confusión con outro tipo de promocións que poden realizarse en calquera momento do ano. Sinalan tamén que este sistema achega seguranza á clientela en canto á calidade dos produtos ofrecidos en rebaixas.

A posibilidade de pór rebaixas en calquera momento do ano e, polo tanto, facer ter unha venda a prezo reducidos en porcentaxes que sempre superan, polo menos na publicidade o 50%, pode levar as empresas a compraren produtos de menor calidade e prezo, a fin de manteren os seus beneficios empresariais que lles permitan o mantemento da empresa e o emprego.

Outra das razóns que esgrimen é a protección da fabricación máis próxima. A xeneralización das rebaixas e a adquisición de produtos de menor calidade orienta as empresas cara a provedores en mercados non nacionais nin europeos caracterizados polo seu menor prezo pero non calidade.

Pola permanencia no comercio do costume de dous períodos de rebaixas anuais. Durante estes catro anos as grandes empresas de distribución comercial máis importantes en moda continuaron co inicio das rebaixas en xaneiro e xullo. Se esta medida non beneficiou as *pemes* e as grandes empresas non a utilizan, é razoábel volver á lexislación anterior ao RDL 20/2012 e que sexa a lei estatal, e non a vontade empresarial de dúas grandes empresas, quen decida o inicio dos períodos de rebaixas.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago apoia a reivindicación das asociacións de pequeno comercio de Compostela e insta ao Goberno de España a derogar o artigo 28.3 do Real Decreto-Lei 20/2012 de 13 de xullo mediante o que liberalizou a fórmula comercial de rebaixas que está a prexudicar o sector.

MOCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DE DIVERSOS ACTOS EN CONMEMORACIÓN DO CENTENARIO DO NACEMENTO DE AGUSTÍN MAGÁN

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este ano 2018 cúmprese un século do nacemento –e dúas décadas do pasamento- do autor e director teatral compostelán Agustín Magán Blanco, unha figura de gran transcendencia na historia do teatro galego que, lamentablemente, aínda resulta descoñecida para unha boa parte da veciñanza do noso concello e do conxunto de Galicia.

Aínda que nos últimos anos a súa lembranza foi obxecto de recoñecementos e centro de diversas actividades, o seu labor artístico permanece en gran medida oculto. Semella que non foi suficiente que, tanto desde o Concello como desde a Xunta de Galicia, se teñan tomado varias iniciativas na dirección de poñer en valor a súa achega ao mundo da escena, como a concesión da Medalla de Prata da cidade, a dedicatoria do novo auditorio do Centro Social de Santa Marta, a convocatoria anual do Festival do Teatro Afeccionado que leva o seu nome -instituído en 2001 e que vén de celebrar entre os meses de outubro e novembro do pasado ano a súa 16ª edición- ou a semana de homenaxe que en 2013 lle dedicou o Concello no auditorio que leva o seu nome como *alma mater* dunha compañía de teatro amador que supera o medio século de existencia.

Malia todo iso, pódese constatar un gran descoñecemento popular sobre a obra e aínda máis sobre a propia vida de Agustín Magán, comezando polo día do seu nacemento -que algúns equiparan co da súa morte, o día 2 abril, como se fai no calendario que o Goberno municipal encargou para este ano 2018- ou a ignorancia do seu lugar de residencia en Santiago. A nivel xeral existen contadas referencias sobre a súa persoa, sempre ligada á traxectoria do grupo DITEA (Difusión Teatral Aficcionada) do que foi un dos fundadores. Quizais un dos traballos máis completos nese senso sexa a tese doutoral que Alejandra Juno Rodríguez Villar -filla dun dos integrantes iniciais do grupo- realizou en 2005 ao abeiro da Facultade de Historia baixo o título: “A cultura teatral en Galicia: O caso Ditea, 1960-1986”, que serviu de documentación para outros traballos posteriores.

En todo caso, os datos sobre a vida e obra de Agustín Magán en relación coa nosa cidade non son moi abundantes. Pola nosa parte puidemos descubrir algún aspecto pouco coñecido, como a data do seu nacemento o día 12 de novembro de 1918 na rúa Castrón d’Ouro e a súas sucesivas residencias na rúa Pitelos (nº 6) onde pasou boa parte da súa infancia, na Algalia e finalmente na rúa Salamanca (nº 14-baixo A) onde morou a maior parte da súa vida.

Son datos xeralmente esquecidos, que non temos visto reflectidos en ningunha publicación. Sábese bastante máis da súa obra, tanto como autor como -sobre todo- como director teatral e o seu labor de promoción e difusión da actividade teatral desde os anos 60 do pasado século sempre ligado a DITEA. Dos seus inicios con representacións de autos sacramentais e clásicos casteláns, en plena época franquista, ata a súa fundamental achega para o nacemento e consolidación dunha cultura e dunha industria teatral propia, a pesar da súa constante vinculación ao teatro afeccionado.

Consideramos que este ano, coincidindo co aniversario do seu centenario, sería un momento moi axeitado para afondar e expandir a vida e obra de Agustín Magán, organizando un conxunto de actos ao seu arredor que, a modo de exemplo, poderían incluír -ademais dunha potenciación do Festival de Teatro Afeccionado que leva o seu nome- unha publicación específica e a colocación dunha placa na vivenda o na rúa onde viviu, sempre procurando a colaboración da súa propia familia e do mundo do teatro, en especial, dos integrantes da agrupación na que proxectou a súa arte e o seu maxisterio.

Todo iso para renderlle un merecido homenaxe a un veciño insigne que desde a humildade, compatibilizando o seu amor ao teatro co seu traballo de contable, fixo unha achega capital para reforzar a tradición literaria e cultural do noso Concello e da nosa cidade.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular proponlle ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Que o Concello de Santiago de Compostela promova no mes de novembro de 2018, unha serie de actos culturais que contribúan a difundir a vida e obra do compostelán Agustín Magán Blanco, para poñer en valor o seu legado como autor e director teatral, coincidindo co centenario do seu nacemento.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DA CORPORACIÓN

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Santiago de Compostela, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción, en relación á **RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE MODIFICACIÓN DA LEI GALEGA DE SAÚDE DO ANO 2008**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de agosto, o Goberno da Xunta de Galicia iniciou un proceso de Reforma da Lei Galega de Saúde do ano 2008. A publicación do anteproxecto aberto a consultas públicas xa provocou as alarmas entre o sector sanitario, ao considerar que, entre outras cuestións, vai supor un novo recorte e unha maior precarización do sistema público de saúde.

En primeiro lugar, esta proposta de reforma limita, facendo inviable, a participación social. Concretamente, modifica a configuración dos órganos de participación social, que, na súa configuración actual, terían permitido realizar funcións esenciais de información previa á aprobación e posterior control das decisións de política sanitaria. Coa modificación do artigo 23 limitan o acceso á información e á documentación existente, co que se condiciona calquera capacidade de control.

A non posta en marcha dos órganos de participación cidadá da Lei de Saúde do 2008, tanto do Consello de Saúde de Galicia como dos Consellos de Saúde de Área, confirma o anterior, xa que o novo artigo 24 introduce modificacións, tanto na súa composición como nas súas funcións, que fan inviable calquera control previo á aprobación ou posterior á execución do Plan de Saúde, contratos de servizos sanitarios, concertos, programas de subvencións, Memoria anual, proxectos de Orzamentos, prestacións e carteira de servizos.

Asemade, os novos artigos 25 e 26, que modifican o Consello de Saúde de Área e crean o Consello asesor de pacientes, deixan pendente de regular a súa composición e funcionamento en normas posteriores.

En segundo lugar, reduce as áreas sanitarias e consolida a exclusión da Atención Primaria. A modificación da lei adapta as Áreas Sanitarias ás actuais Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXIS), que creou o goberno do PP, ao tempo que anulaba as Xerencias de Atención Primaria (AP). Deste xeito, preténdese eliminar as áreas sanitarias de A Mariña, Monforte, O Barco e o Salnés, deixando como únicas áreas sanitarias as 7 demarcacións coincidentes coas EOXIS (Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

Paralelamente, coa modificación do artigo 69 crease un novo ámbito territorial, os distritos sanitarios, cada un deles cun Hospital de referencia; os sete comarcais, os 4 das áreas suprimidas (A Mariña, Monforte, O Barco e O Salnés), e os 3 que non sendo área anteriormente contan cun hospital comarcal de referencia (Cee, Barbanza e Verín); e os 7 coincidentes coas cabeceiras das EOXIS (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

O artigo 69 di que: "Os distritos sanitarios son divisións territoriais das áreas sanitarias e constitúen o marco de referencia de coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria".

Porén, esta reforma nada apunta en relación á recuperación das estruturas directivas de Atención Primaria, unha demanda unánime do persoal traballador de Atención Primaria. Tampouco se di nada da estrutura dos órganos directivos das Áreas nin dos distritos.

Esta situación obriga a atender unha media de entre 40 e 50 pacientes ao día, o que repercute na calidade da atención e na capacidade resolutiva, e obriga a enviar de xeito innecesario a moitos/as pacientes ao hospital, colapsando as urxencias e incrementando as listas de espera. En algúns Centros de Saúde, a espera para acudir a consulta chega a superar a semana, algo inadmisíbel no primeiro nivel asistencial.

En terceiro lugar, consolida o modelo privatizador de coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Así, o capítulo da nova Lei de saúde dedicado á investigación muda dun xeito significativo de nome: do inicial "Da investigación biomédica no Sistema Público de Saúde de Galicia" ao modificado "Da investigación e a innovación no Sistema Público de Saúde de Galicia". Asemade, omítese as referencias ás prioridades marcadas polo "Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica", e introduce unha referencia as prioridades marcadas polos plans de investigación vixentes en cada momento -sen aclarar que plans e que papel xoga neles a sanidade pública e a industria privada-, pretendendo así lexitimar o modelo privatizador do coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde.

Polo tanto, por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS^{de}G-PSOE presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Santiago de Compostela, a proposta da Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, acorda instar á Xunta de Galicia a:

- 1.Retirar o anteproxecto de reforma da Lei Galega de Saúde, que perpetúa as estruturas de xestión integrada.
- 2.Restituír as xerencias de atención primaria e que as dote de medios e recursos para reforzar a súa capacidade de resolución.

3.Co consenso de todas as forzas políticas, sindicais e sociais, desenvolver a Lei Galega de Saúde do ano 2008.

MOCIÓN SOBRE O CENTRO DE SAÚDE DE CONXO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A adecuación dos servizos e instalacións ás demandas reais da cidadanía debe ser unha tarefa fundamental para un Goberno, calquera que se xa a natureza do servizo e máxime cando se trata dun servizo esencial e indispensable como é a atención sanitaria.

Neste senso, o Concello de Santiago dispón duns recursos asistenciais públicos sanitarios moi notables organizados arredor dunha das sete estruturas de xestión integrada que existen en Galicia.

Ademais do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e do Hospital de Conxo, no termo municipal radican cinco centros de saúde distribuídos en distintas zonas: Concepción Arenal (zona do Ensanche), As Fontiñas, Vite, Galeras (o máis recente, inaugurado en xullo de 2016) e Conxo, este último asentado nas instalacións do Hospital Psiquiátrico. Nestes centros aténdense fundamentalmente ás persoas usuarias das arredor de 107.000 tarxetas sanitarias existentes no Concello.

O centro de saúde de Conxo foi inaugurado en 1993, pouco antes que os de Vite (1994) e As Fontiñas (1995), e case unha década despois do Concepción Arenal (1984), pero a diferenza destes apenas ten sido obxecto de actuacións de renovación ou adecuación ao longo dos seus 25 anos de existencia. As súas instalacións evidencian o paso do tempo e unha falta de adaptación aos estándares actuais, cando menos en materia de habitabilidade e accesibilidade.

A mellora desas instalacións foi unha demanda constante da veciñanza nos últimos anos que foi recollida pola maioría dos grupos políticos a nivel municipal, entre eles o Partido Popular. Con fin de construír un novo Centro de Saúde, o Concello reservou no seu día para uso sanitario uns terreos nas proximidades do actual, fóra do recinto psiquiátrico e no lado norte do periférico, cunha maior integración no tecido urbano. Un terreo que recentemente o Concello acordou destinado a aparcadoiro, tratando de darlle resposta a outra demanda do comercio da zona.

Por parte da Consellería de Sanidade non se ten negado a necesidade de mellorar as instalacións do Centro de Saúde de Conxo, mesmo se fose necesario construíndo un novo edificio, aínda que tal actuación veuse mantendo subordinada ao remate e posta en marcha do Centro de Saúde de Galeras que se consideraba unha necesidade prioritaria e inaprazable. Coa entrada en servizo de centro de Galeras, chegou a hora de actuar no Centro de Saúde de Conxo que, a pesar de que segundo dos datos do SERGAS non presenta un problema de saturación de usuarios, segue a demandar unha mellora integral.

Conforme á constatación de que na actualidade non existe un volume de persoas usuarias que faga indispensable un novo edificio, o Grupo Municipal Popular ten mostrado os seus reparos á reducir as posibilidades de mellora unicamente á construción dunha nova edificación, tendo en conta tamén que a decisión do actual Goberno Municipal de preparar os terreos reservados a ese fin para dar cabida a unha área de estacionamento de vehículos, supón destinar uns recursos económicos (que se aproximan aos cen mil euros) que cumpriría rendibilizar.

Así as cousas, hai uns días, a Xunta de Galicia presentou un plan de centros de saúde para Galicia (algúns novos e outros en marcha e xa planificados) entre os que non se ten incluído nin a substitución do Centro de Saúde de Conxo nin a necesaria e cada paso máis inaprazable mellora das súas instalacións.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal Popular presenta á consideración do Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

O Concello de Santiago de Compostela solicítalle:

- Ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) á planificación, proxecto e execución dunha adecuación, actualización e mellora do Centro de Saúde de Conxo para adecuar e mellorar as súas instalacións ou a construción dun novo edificio en función dunha análise e unha programación que garanta a atención actual e futura.
- Á Xunta de Galicia un plan de mellora e posta en valor do Hospital Psiquiátrico de Conxo para a súa recuperación, así como a planificación de usos alternativos en coordinación co resto de administracións públicas.

Pola súa parte, o Concello de Santiago procederá a realizar a adecuación do transporte público para mellorar a accesibilidade ao Centro de Saúde de Conxo.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA APOIE Á FOLGA INTERNACIONAL FEMINISTA DO PRÓXIMO 8 DE MARZO

Marta Lois González, Concelleira Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, presenta ao Pleno para o seu debate e aprobación a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As inaceptábeis violencias machistas que só en España supuxeron o asasinato de máis de 1.000 mulleres en pouco máis de 14 anos, súmanse as consecuencias infames que en pleno século XXI teñen as desigualdades entre mulleres e homes en todo o mundo. Estas desigualdades maniféstanse a diario en múltiples ámbitos pero é, sen dúbida, no ámbito do traballo onde se presentan dunha forma máis evidente: unha fenda salarial entre xéneros do 23%; unha carga desproporcionada de traballo non remunerado para as mulleres en todo o mundo; ou ausencia case total de permisos de maternidade e paternidade que posibiliten un reparto equilibrado de responsabilidades no coidado de fillas e fillos entre ambos proxenitores.

As mulleres representan un 63% da actividade laboral mundial e perciben ingresos ao marxe de disposicións legais formais, incluídas as de control tributario estatal; as mulleres migrantes afrontan condicións laborais máis precarias que os homes migrantes, véndose expostas a xornadas de traballo máis longas e a un acceso á protección social inexistente ou moi limitado; as violencias contra as mulleres no espazo laboral é unha realidade inadmisíble: só na Unión Europea o 32% do 55% das mulleres que aseguran ter experimentado acoso sexual, sufrírono no seu lugar de traballo.

As mulleres representan o 65% da poboación mundial que tendo alcanzado as idades previstas polas leis para recibir unha pensión de xubilación non a reciben. Todo isto por mencionar só algúns datos que constatan a preocupante situación das mulleres no campo laboral a nivel mundial.

Ante isto, acabar coa discriminación entre mulleres e homes resulta, non só un deber ético, senón un compromiso histórico inaprazable no que todas as institucións do Estado teñen que participar non só activamente, senón asumindo un rol claro de liderado e co máximo compromiso.

Por iso, e ante o anuncio dos sindicatos de dar cobertura legal ao próximo 8 de marzo ao paro internacional de mulleres impulsado por numerosas organizacións do movemento feminista en todo o mundo, o grupo municipal de Compostela Aberta presenta para a súa aprobación no Pleno os seguintes **ACORDOS**:

1.- Apoiar a Folga Xeral das Mulleres, así como as xustas reivindicacións, mobilizacións e accións convocadas polo movemento feminista para este 8 de Marzo.

2.- En virtude de tal apoio, dende a Concello facilitaranse os medios materiais e de difusión dispoñibles para dar a coñecer as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoque o movemento feminista no 8 de marzo.

3.- Adoptar todas as medidas necesarias para garantir o exercicio do dereito fundamental de folga previsto na Constitución e na lei, por parte de todas as mulleres traballadoras municipais que se sumen á Folga Xeral das Mulleres.

4- Suspender todos os posibles actos institucionais no concello, tales como plenos municipais, comisións informativas, xuntas de portavoces ou calquera outra actividade institucional que poida intervir na participación en dita folga.

5.- Colocar a bandeira feminista na sede do Concello de Santiago, sita no Pazo de Raxoi, do 1 ao 9 de marzo como símbolo de apoio á loita das mulleres.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A ADHESIÓN AO PACTO DE POLÍTICA ALIMENTARIA URBANA DE MILÁN (MUFPP)

Marta Lois González, Concelleira Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, presenta ao Pleno para o seu debate e aprobación a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pacto de Política Alimentaria Urbana de Milán (MUFPP) ou, abreviado, Pacto de Milán, constitúe o primeiro protocolo internacional en materia alimentaria que se realiza a nivel municipal. As cidades que o asinan comprométense a traballar para desenvolver sistemas alimentarios sustentables que garanticen unha alimentación sana e accesible a todas as persoas, e para preservar a biodiversidade e se reduzan os desperdicios de alimentos e ao mesmo tempo, mitigar e adaptarse aos efectos do cambio climático.

A iniciativa comezou a súa andaina durante a celebración da Exposición Universal 2015 na cidade de Milán e en coordinación coa Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO). Ata o momento, o Pacto xa foi asinado por máis de 160 cidades de todo o mundo. O Pacto inclúe un marco estratéxico de accións baseado en experiencias previas das cidades participantes con iniciativas relacionadas coa gobernanza, as dietas sostibles e a alimentación, a mellora da equidade social e económica, a promoción da produción alimentaria e abastecemento e a limitación de desperdicios.

O Concello de Santiago aposta por unha perspectiva integral da alimentación na cidade, que involucre, entre outras, as políticas de consumo responsable, a saúde, a sustentabilidade, o comercio de proximidade polo que xa traballa para desenvolver iniciativas neste sentido. En particular, promóvese o funcionamento de hortos urbanos.

Na actualidade existen 10.500 m2 repartidos en 205 parcelas distribuídas en 6 hortas en lugares da cidade: Brañas de Sar, Almaciga, Fontiñas, Belvís de Arriba, Belvís de Abaixo e Caramoniña. Durante o 2018 outros tres novos hortos urbanos sumaranse aos existentes.

No ano 2016 levouse a cabo o proxecto “Que che re-aproveite”, unha iniciativa para concienciar sobre o desperdicio alimentario. Foi desenvolvida en colaboración con 25 restaurantes do Concello de Santiago, os cales repartiron información, friameiras e bolsas paraposibilitar que os comensais puideran levar para casa a comida sobrante.

Ademais, tras a participación de Santiago de Compostela no proxecto ANATOLE cofinanciado polos fondos FEDER da Unión Europea para o desenvolvemento da Economía de Proximidade creouse o programa municipal “Efecto Proximidade” no que se realizan accións de promoción do produto agrogandeiro local en colaboración coa Praza de Abastos de Compostela para favorecer a súa identificación, valorización e consumo, especialmente entre as xeracións máis mozas de persoas consumidoras nos mercados. O programa *Compostela Móvese* tamén apoia iniciativas para a promoción da venda directa de produtos alimentarios de produción local dando soporte aos encontros de consumo responsable organizados pola Asociación Amigos do Lusco, todos os martes no Parque de Belvís desde a súa creación.

Por todo isto o grupo municipal de Compostela Aberta, presenta para a súa aprobación no Pleno o seguinte **ACORDO**:

Que o Concello de Santiago se adhira ao Pacto de Política Alimentaria de Milán (MUFPP).

(Anexo I)


MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA EN APOIO Á ASOCIACIÓN COMPOSCLETA E A COORDINADORA CONBICI EN RELACIÓN COA REFORMA DO CÓDIGO PENAL

Jorge Duarte Vázquez, concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais, presenta para o seu debate e aprobación no Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación Cívica Composcleta de Santiago de Compostela constitúese coa finalidade de promover o uso da bicicleta en actividades turísticas, formativas e de mobilidade. A asociación forma parte de ConBici, a “Coordinadora en Defensa da Bicicleta”, que xunto con STOP Accidentes lanzou unha campaña para solicitar maior seguridade viaria e a reforma do Código Penal en materia de tráfico.

É preciso voltar á senda de redución de vítimas de sinistros viais, sobre todo entre os colectivos máis vulnerables. O ano 2017 pechouse con once persoas ciclistas máis falecidas en vías interurbanas que en 2016 así como un aumento global das persoas falecidas do 2,9%, feito que deixa patente que a seguridade viaria deixou de ser un asunto de Estado nos últimos anos, motivo que ten provocado recortes en vixilancia e investimento nesta materia.



(Datos de siniestralidade viaria e persoas falecidas nos últimos catro anos)

Estas circunstancias xunto coa reforma do Código Penal do ano 2015, que despenalizou as imprudencias leves, mesmo se causan persoas falecidas ou feridas graves, derivan dun relaxamento das políticas de seguridade viaria producida nos últimos anos, agravadas polos recortes en medios humanos da Garda Civil así como a redución no investimento en seguridade nas infraestruturas.

A despenalización das imprudencias leves, aprobada polo Congreso dos Deputados dentro da reforma do Código Penal do ano 2015, deixa impunes aqueles homicidios por imprudencia leve e xeneran unha situación de indefensión ás vítimas de sinistros viais, sobre todo a ciclistas e peóns.

As grandes beneficiadas desta despenalización son as aseguradoras, que tras a reforma reciben as reclamacións, xa non por vía penal, senón civil o que supón que as vítimas poidan ser condenadas ás costas xudiciais ou ben que renuncien, por carecer dos recursos suficientes, a iniciar o proceso de reclamación.

A reforma do 2015 serviu para reducir o número de reclamacións de compensación ás aseguradoras e para aumentar a impunidade dos e das causantes de persoas feridas ou falecidas, con maior incidencia en persoas ciclistas e peóns que non posúen seguro obrigatorio que os protexa no caso de reclamación de danos.

Neste senso, a Coordinadora en defensa da Bicicleta (ConBici), coordina unha acción conxunta con STOP Accidentes, subscrita tamén polo “Foro Andando”, Ecoloxistas en Acción, Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade” (CERMI), CCOO e outras entidades, para solicitar o cambio de políticas de seguridade viaria en España, un maior investimento en infraestrutura segura para os colectivos vulnerables, a reforma do Código Penal así como a reforma da Lei de Seguridade Viaria e os regulamentos de Circulación, Regulamento de Vehículos e de Conductores para adecualos a unha nova realidade na que prevaleza a seguridade de todas as persoas, en especial a dos colectivos vulnerables.

Por todo isto, o grupo Municipal de Compostela Aberta, presenta para a súa aprobación ao Pleno o seguinte **ACORDO**:

1.-Instar ao Goberno Central a que atenda as demandas de seguridade viaria e reforma do Código Penal presentadas por STOP ACCIDENTES mediante escrito dirixido aos grupos do Congreso dos Deputados con data 16 de outubro do 2017.

2.-Instar ao Goberno Central á reforma da Lei de Seguridade Vial, o Regulamento de Circulación, o Regulamento de Vehículos e de Conductores para adecualos a unha nova realidade donde se prime a seguridade de todas as persoas, con especial atención a aqueles colectivos máis vulnerables.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA EN APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS REALIZADAS POLO COLECTIVO DE PENSIONISTAS AO GOBERNO DO ESTADO

Concepción Fernández Fernández, concelleira de Políticas Sociais, Diversidades, Saúde e Centros Cívicos, presenta ao Pleno para o seu debate e aprobación a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1- Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) Galiza é a segunda comunidade autónoma máis envellecida do Estado e Santiago de Compostela ten unha taxa do 20,7% de poboación maior de 64 anos, representando as mulleres o 60% do total do colectivo.

Esta poboación envellecida foise empobrecendo progresivamente polo recorte sistemático das súas pensións, o que provoca unha perda de autonomía persoal e acrecenta as necesidades de mantemento dos servizos socio-sanitarios, e unha maior dependencia dos nosos maiores.

Por outra banda, os datos da Enquisa de Condicións de Vida 2016 indican que aproximadamente o 29,5%% das familias teñen a súa principal fonte de ingresos na pensión dunha persoa xubilada e deses ingresos dependen para a cobertura de necesidades básicas das súas familias.

2- A modificación lexislativa realizada polo goberno do Partido Popular en 2013 (Lei 23/2013, de 23 de decembro, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social), desvinculou a actualización das pensións do incremento do IPC e fixou o aumento anual entre o 0,25% e o 0,50%.

Neste contexto, coa actualización dun 0.25% e o incremento do IPC do 1,1% en decembro (evitamos considerar o dato anómalo que sempre adoita presentar o mes de xaneiro), volve producirse un ano máis unha perda de poder adquisitivo que coma sempre prexudica en maior medida ás pensións máis baixas. En Galiza a pensión media é de 895,49 euros (datos de xaneiro de 2018 para persoas residentes en Galicia), sendo a proporción de pensións por baixo do limiar da pobreza do 63%, cifra que está mais de dez puntos por riba da media estatal, e é a maior de todas as comunidades autónomas.

3- Esta situación é aínda máis gravosa no caso das mulleres. Segundo datos do IGE as pensionistas galegas cobraban a finais de 2016 (último dato publicado) unha media de 740,73 euros ao mes, fronte ao 1.018,67 euros dos varóns. Polo que parece, as pensionistas neste país tamén soñan con ser mileuristas, a maioría (por debaixo da media) cobra menos que o SMI. En Galicia, dúas de cada tres mulleres pensionistas cobran menos que a pensión media, mentres que dous de cada tres homes cobra máis que a pensión media.

En 2016 en Santiago de Compostela a pensión media era de 1.012,95 euros, correspondendo 1.152,47 euros á pensión media de varóns e 886,44 euros á das mulleres, nada menos que un 23,1% menos.

Os datos amosan que as mulleres seguimos sendo máis vulnerables, e evidencian que o problema da fenda nas pensións non é so do sistema de pensións senón, e sobre todo, dos obstáculos que, aínda neste século XXI, atopan as mulleres no mundo laboral.

4- O goberno do PP realizou unha reforma laboral que precarizou as condicións laborais e salariais, baleirou o peto das pensións para pagar xuros de Débeda Pública, e rescatar entidades bancarias, empresas construtoras, grandes concesionarias e aos responsables da súa quebra, mentres se recortan salarios e dereitos como os das pensións públicas.

Pensamos que está en xogo un dereito non só das e dos pensionistas senón tamén da masa traballadora. Se o goberno non busca saídas a esta situación, nos próximos anos pasaremos de ter unha taxa de risco de pobreza moi superior ao 19%, como recolle a Enquisa de Condicións de Vida 2016, e que sen dúbida, xunto co envellecemento, comprometen seriamente o futuro de todas e todos.

Participes desta preocupación, na sesión plenaria de febreiro do ano 2017 o pleno da Corporación aprobou unha moción de Compostela Aberta, en apoio as reivindicacións do Movemento en Defensa das Pensións e as Marchas da Dignidade, onde se recollían parte dos acordos que se reiteran de novo neste pleno mediante a presentación desta iniciativa, porque lonxe de atender as xustas reivindicacións das persoas pensionistas, confirmase en 2018 a exigua subida dun 0.25% das pensións e remítese unha carta a cada pensionista anunciándoo sen explicar o inxustificable da precaria situación do sistema de pensións do Estado.

Por todo isto, o grupo municipal de CA presenta para o seu debate e aprobación os seguinte **ACORDO**:

- 1.- Apoiar a xusta reivindicación e accións dos pensionistas do Concello de Santiago.
- 2.- Mostrar o rexeitamento deste pleno a mísera subida do 0,25% das pensións para este exercicio 2018.
- 3.- Instar ao goberno do Estado para que:
 - Garanta a actualización das pensións de acordo co incremento real do IPC.
 - As pensións públicas vaian a cargo dos Presupostos Xerais do Estado.
 - Se derroguen as reformas das pensións do 2011 e 2013 e se recuperen os dereitos socioeconómicos das persoas pensionistas e a idade de xubilación aos 65 anos.
 - Incremente e equipare as pensións mínimas vixentes ao Salario Mínimo Interprofesional.

MOCIÓN SOBRE A RECUPERACIÓN DA ANTIGA SALA IAGO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa á necesidade de recuperar a antiga Sala Iago, un espazo infrautilizado para actividade cultural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela caracterizouse por ter unha programación referencial, pluridisciplinar e de calidade de cultura galega nos seus numerosos espazos con salas públicas e privadas destinadas a acoller espectáculos de teatro, danza, música, maxia e audiovisual. Porén, nos últimos anos, debido á falta de apoio público ao sector das artes escénicas e á crise económica, moitos destes locais foron pechados ou terzaron a actividade. Cómpre facer todo o posíbel por recuperar espazos culturais para o Concello porque Santiago de Compostela non pode permitirse o luxo de dispor de centros como a histórica Sala Iago, sen ofrecer ningunha actividade ao tempo que sofre unha importante deterioración. Ademais, a administración local debe velar pola conservación deste patrimonio para evitar que acabe en estado ruinoso.

Estamos a falar dun espazo cultural que ocupa un edificio emblemático na, quizais, rúa máis transitada de Santiago. Baldomero Cores Trasmonte fixera un libro sobre a historia da rúa do Vilar titulado concretamente *Unha viaxe pola rúa do Vilar*. Neste volume destacaba que a rúa era un fervedoiro cultural, con tendas de artesanía, librerías, e múltiples espazos culturais como o Casino ou a Sala Iago. Fronte a esta evocación histórica, hoxe a zona histórica está ateigada de establecementos de souvenirs, sen identidade, sen raíces, e leva camiño de perder unha boa parte da súa autenticidade e do seu encanto. Tamén desde esta perspectiva xulgamos imprescindible recuperarmos os contidos culturais para esta sala, cuxa historia non podemos perder.

A Sala Iago abriu como espazo cultural en 1946 e co declive dos cines renovouse en 1998 para converterse en 2002 en sede da compañía residente conformada por Títeres Cachirulo e Teatro Noroeste, co que gañou o ‘Premio especial Max’ da SGAE. O proxecto deste espazo escénico foise consolidando neses cinco anos de programación. Son as propias cifras as que evidenciaron que o seu modelo cultural funcionaba: 240 días con programación de monicreques (90 deles para escolares), 738 con representacións teatrais (dos que 156 para grupos escolares) e 310 de cine en versión orixinal. Dos 61.000 espectadores/as, 7.500 foron público infantil e 18.500 estudantes de ensino secundario.

Ademais, a cidade de Santiago de Compostela está dotada de numerosos espazos dependentes das administracións local e galega que precisan unha planificación coordinada, unha especialización funcional e de contidos e unha adecuación dos horarios de apertura para ofrecer un mellor aproveitamento por parte da veciñanza e

utilizalos como lugar de encontro e de reunión, para desenvolver as máis heteroxéneas actividades culturais.

Cómpre lembrar que os centros socioculturais foron impulsados polo BNG cando tiña responsabilidades de goberno nesta área e que conseguiu unha permeabilidade que permitiu comezar a pensar nunha democracia cultural en que se fornecese a cultura de base, con esta rede de equipamentos de proximidade que suman máis dunha corentena, acompañada de equipamentos de referencia como son o Auditorio de Galiza, o Teatro Principal ou a Zona C.

Deste xeito, é preciso buscar vías de solución para dinamizar e darlle vida a colectores culturais históricos, que foron no seu día referencia, por exemplo, para os espectáculos de monicreques. En Santiago de Compostela aséntanse un bo número de grupos de teatro, tanto profesionais como amadores, de música, compañías de danza, de maxia, de circo, así como produtoras e empresas auxiliares do sector audiovisual. Por outra parte, Santiago posúe un público ávido de eventos culturais e participe directo de numerosas iniciativas. Nese sentido, falamos dun público esixente, comprometido, implicado nesa procura dunha cidade culta que lidere a iniciativa e a referencia da aposta cultural no noso país. Por se isto fose pouco, a creación artística é un exemplo de uso público normalizado e de difusión da lingua e da cultura galegas, algo a que a capital de Galiza ten que contribuír decididamente.

De acordo co Regulamento municipal do Consello de Compostela Cultura, a Concellaría de Cultura debe centrar os seus esforzos no apoio á creación e á produción propias, na formación, na participación de axentes produtores e receptores e mais no intercambio con outras realidades culturais. E entre os principios reitores da política social e económica figura que os poderes públicos promoverán o acceso á cultura, a que todas as persoas teñen dereito. É obxectivo tamén dos poderes públicos facilitaren a participación de todos os galegos e galegas na vida cultural do noso país, así como garantir e potenciar a utilización da lingua galega.

Finalmente, queremos subliñar que o conxunto da veciñanza observa con moita preocupación o estado deterioración do edificio e que temos a obriga de o coñecer para actuar antes de que sexa demasiado tarde. Non só é lexítimo, senón tamén urxente que o Concello lidere proxectos que teñan como obxectivo ampliar os espazos culturais e recuperar aqueles que forman parte da nosa historia e da memoria colectiva

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela reiniciará as xestións coas persoas propietarias da Sala Iago para a recuperación deste espazo para a actividade cultural.

MOCIÓN PARA A CLAUSURA DOS TECNOSOLOS DO VERTEDOIRO DE MIRAMONTES E A RESTAURACIÓN DA CANTEIRA CON CUBERTA DE TERRA VEXETAL COMO ESTABA PREVISTO NO PROXECTO INICIAL

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á necesidade de clausurar os tecnosolos do vertedoiro de Miramontes, á vista dos informes técnicos, e de proceder á restauración da canteira con cuberta de terra vexetal como estaba previsto inicialmente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A instalación dun vertedoiro de residuos non perigosos para a restauración do espazo natural da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa en Santiago de Compostela, contou con autorización da Xunta en 2008 para eliminar 80.000 t/ano, nun vaso de vertido de 1 millón de metros cúbicos, nunha superficie de 4,5 hectáreas e cunha vida útil estimada en 20 anos.

Esta autorización inicial foise ampliando en resposta a diversas solicitudes e, na actualidade, o vertedoiro e os tecnosolos que cobren a aba da canteira están a incumprir a normativa en materia de xestión e tratamento de residuos, tanto na elaboración dos tecnosolos como no depósito do material.

Logo de detectar e denunciar numerosas irregularidades por parte da Plataforma veciñal de afectados/as polo vertedoiro de Miramontes, as últimas inspeccións realizadas por persoal técnico da Xunta no vertedoiro provocaron a apertura de dous expedientes sancionadores á empresa que xestiona as instalacións, con propostas de multas que mesmo poderían alcanzar os 200.000 euros. Así, das 19 mostras tomadas pola Xunta, 15 delas incumpren o decreto 60/2009 e o RD 9/2005 no relativo aos límites para a protección da saúde humana e dos ecosistemas. A iso súmase que a instrución técnica dos tecnosolos determina que deben ser capas inferiores a 1 metro e nas catas realizadas superan os 2 metros de altura.

Pese ao escaso control de acceso de camións ao vertedoiro, en días en que entraron 20 vehículos e se inspeccionaron a metade 4 deles foron rexeitados por conter residuos non autorizados. Dende a plataforma veciñal denuncian que non existe control dos rexistros de entrada dos camións ao vertedoiro e non se efectúan as probas de conformidade obrigadas. Nas catas realizadas, os parámetros COD (Carbono Orgánico Disolto) dobran, triplican e quintuplican os datos permitidos para garantir a salubridade.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela emprenderá as xestións necesarias para a clausura dos tecnosolos e restauración da zona da canteira de Miramontes de acordo co plan inicial de restauración con terra vexetal.

EMENDAS.-

Rexistro de entrada do día 14 de febreiro de 2018 núm. 58, presentada polo grupo municipal do BNG á moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o Centro de Saúde de Conxo, de data 7 de febreiro de 2018, núm. 34.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do establecido no Regulamento, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA DE SUBSTITUCIÓN

Proponse substituír o acordo por:

O Concello de Santiago solicítalle:

- Ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) a planificación, proxecto e execución dunha adecuación, actualización e mellora do Centro de Saúde de Conxo e tamén a construción dun novo edificio que garanta a atención actual e futura.
- Á Xunta de Galiza un plan de mellora e posta en valor do Hospital Psiquiátrico de Conxo para a súa recuperación, así como a planificación de usos alternativos en coordinación co resto das administracións públicas.

Pola súa parte, o Concello de Santiago procederá a realizar a adecuación do transporte público para mellorar a accesibilidade ao Centro de Saúde de Conxo.

Rexistro de entrada do día 14 de febreiro de 2018 núm. 60, presentada polo grupo municipal do Partido Popular á moción de Compostela Aberta, de data 7 de febreiro de 2018, núm. 44, en apoio á Asociación Composeleta e a coordinadora CONBICI en relación coa reforma do Código Penal”

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da

Corporación, a seguinte EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA “EN APOIO Á ASOCIACIÓN COMPOSICLETA E A COORDINADORA CONBICI EN RELACIÓN COA REFORMA DO CÓDIGO PENAL”, co número de rexistro 44, de data 7 de febreiro de 2018.

Proponse a modificación do acordo de forma que o texto resultante sería o seguinte:

“1.- Instar aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados a que estuden as demandas de seguridade viaria e reforma do Código Penal presentadas por STOP ACCIDENTES mediante escrito dirixido aos grupos do Congreso dos Deputados con data 16 de outubro de 2017.

2.- Instar ao Goberno Central a que valore a reforma da Lei de Seguridade Vial, o Regulamento de Circulación, o Regulamento de Vehículos e de Condutores para adecualos a unha realidade onde se prime a seguridade de todas as persoas, con especial atención a aqueles colectivos máis vulnerables”.

Rexistro de entrada do día 14 de febreiro de 2018 núm. 61, presentada polo grupo municipal do Partido Popular á moción de Compostela Aberta, de data 7 de febreiro de 2018, núm. 45, en apoio ás reivindicacións realizadas polo colectivo de pensionistas ao goberno do estado.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA “EN APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS REALIZADAS POLO COLECTIVO DE PENSIONISTAS AO GOBERNO DO ESTADO”, co número de rexistro 45, de data 7 de febreiro de 2018.

Proponse a modificación dos termos do acordo de forma que o texto resultante sería o seguinte:

“O pleno do concello de Santiago de Compostela, en apoio á reivindicacións realizadas polo colectivo de pensionistas, insta aos grupos parlamentarios que integran a Comisión Permanente do Pacto de Toledo a que, dentro dun marco de consenso e diálogo social, cheguen a un acordo que garanta un sistema público de pensións sustentable, equitativo e solidario, no que, entre outras medidas, se contemple:

-A actualización das pensións de acordo co incremento real do IPC.

- O mantemento das pensións públicas a cargo dos Orzamentos Xerais do Estado.

- Se incrementen progresivamente as pensións mínimas vixentes ata a equiparación co Salario Mínimo Interprofesional”.

Rexistro de entrada do día 15 de febreiro de 2018 núm. 63, presentada polo grupo municipal do Partido Popular ás mocións do BNG e de Compostela Aberta, de datas 31 de xaneiro e 7 de febreiro de 2018, núms. 25 e 42, en relación coa folga internacional feminista do próximo 8 de marzo.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA ÁS MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA “PARA QUE O CONCELLO DE SANTIAGO APOIE A FOLGA INTERNACIONAL FEMINISTA DO PRÓXIMO 8 DE MARZO” E DO BNG “PARA APOIAR A FOLGA INTERNACIONAL DE REIVINDICACIÓN FENMINISTA DO 8 DE MARZO”, cos números de rexistro 42, de data 7 de febreiro de 2018, e 25 de data 31 de xaneiro de 2018, respectivamente.

Propónse a modificación dos termos de ambos acordos de forma que o texto resultante sería o seguinte:

“O pleno do Concello de Santiago de Compostela, ante as reivindicacións da convocatoria prevista para o vindeiro 8 de marzo, reafirma o seu compromiso, na medida das propias competencias municipais, para integrar de forma activa e transversal o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, no desenvolvemento de todas as súas accións e decisións. Este compromiso irá acompañado de actuacións concretas cando menos nos seguintes ámbitos: acceso e promoción no emprego; contratación pública; erradicación da violencia de xénero; educación; saúde e servizos sociais; deporte; representación política e social; investigación, desenvolvemento e innovación; sociedade da información; cultura; e medio rural.”

Auséntase do salón de plenos, a concelleira Dona M^a José Corral López.

En relación ás mocións presentadas polos grupos municipais, adoptáronse os seguintes acordos:

Tras o debate, en primeiro lugar procédese á votación da moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con número de rexistro 20, do día 22 de xaneiro de 2018, en defensa da prisión permanente revisable, e o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal Popular e 14 votos en contra dos/as concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), rexeita a devandita moción.

Volve a incorporarse á sesión, a señora Corral López.

En segundo lugar, e despois do debate conxunto, vótanse as mocións de apoio da folga internacional do día 8 de marzo, acadando os seguintes resultados:

A moción con número de rexistro 25, do día 31 de xaneiro de 2018, presentada polo BNG, e ao non ser aceptada a emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal Popular, acorda:

1. O Concello de Santiago apoiará a convocatoria desta folga de mulleres prevista para o 8 de marzo, no marco dunha xornada internacional de paros e mobilizacións para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencia.
2. O Concello de Santiago de Compostela realizará un chamado a participar nas mobilizacións convocadas polo movemento feminista galego e a secundar a manifestación nacional unitaria.

Seguidamente, ten lugar a votación da moción con número de rexistro 42, do día 7 de febreiro de 2018, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, e á que presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular que non foi aceptada, e o Pleno da Corporación, por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal Popular, acorda:

1.- Apoiar a folga xeral das mulleres, así como as xustas reivindicacións, mobilizacións e accións convocadas polo movemento feminista para este 8 de marzo.

2.- En virtude de tal apoio, dende a Concello facilitaranse os medios materiais e de difusión dispoñibles para dar a coñecer as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoque o movemento feminista no 8 de marzo.

3.- Adoptar todas as medidas necesarias para garantir o exercicio do dereito fundamental de folga previsto na Constitución e na lei, por parte de todas as mulleres traballadoras municipais que se sumen á folga xeral das mulleres.

4- Suspende todos os posibles actos institucionais no concello, tales como plenos municipais, comisións informativas, xuntas de portavoces ou calquera outra actividade institucional que poida intervir na participación en dita folga.

5.- Colocar a bandeira feminista na sede do Concello de Santiago, sita no Pazo de Raxoi, do 1 ao 9 de marzo como símbolo de apoio á loita das mulleres.

A continuación e despois do debate, pásase a votación da moción presentada polo BNG con número de rexistro 27, do día 5 de febreiro de 2018, de apoio das reivindicacións das asociacións de comerciantes para que o goberno español modifique a normativa que liberaliza o período das rebaixas, o Pleno da Corporación, por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal Popular, acorda apoiar a reivindicación das asociacións de pequeno comercio de Compostela e insta ao Goberno de España a derrogar o artigo 28.3 do Real Decreto-Lei 20/2012 de 13 de xullo mediante o que liberalizou a fórmula comercial de rebaixas que está a prexudicar o sector.

Trás o debate, ten lugar a votación da moción con número de rexistro 29, do día 5 de febreiro de 2018, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a organización de diversos actos en conmemoración do centenario do nacemento de Agustín Magán, o Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes acorda que o Concello de Santiago de Compostela promova no mes de novembro de 2018, unha serie de actos culturais que contribúan a difundir a vida e obra do compostelán Agustín Magán Blanco, para poñer en valor o seu legado como autor e director teatral, coincidindo co centenario do seu nacemento.

A continuación ten lugar o debate e posterior votación da moción con número de rexistro 44, do día 7 de febreiro de 2018, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, de apoio á Asociación Composclea e a Coordinadora CONBICI en

relación coa reforma do Código Penal, á que presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular que non foi aceptada, e o Pleno da Corporación, por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1.- Instar ao Goberno Central a que atenda as demandas de seguridade viaria e reforma do Código Penal presentadas por STOP ACCIDENTES mediante escrito dirixido aos grupos do Congreso dos Deputados con data 16 de outubro do 2017.

2.- Instar ao Goberno Central á reforma da Lei de Seguridade Vial, o Regulamento de Circulación, o Regulamento de Vehículos e de Condutores para adecualos a unha nova realidade donde se prime a seguridade de todas as persoas, con especial atención a aqueles colectivos máis vulnerables.

Seguidamente e tras o debate, procédese á votación da moción con número de rexistro de entrada 45, do día 7 de febreiro de 2018, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, de apoio ás reivindicacións realizadas polo colectivo de pensionistas ao goberno do estado, e aoser rexeitada a emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación, por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1.- Apoiar a xusta reivindicación e accións dos pensionistas do Concello de Santiago.

2.- Mostrar o rexeitamento a mísera subida do 0,25% das pensións para este exercicio 2018.

3.- Instar ao goberno do Estado para que:

- Garanta a actualización das pensións de acordo co incremento real do IPC.
- As pensións públicas vaian a cargo dos Presupostos Xerais do Estado.
- Se derroguen as reformas das pensións do 2011 e 2013 e se recuperen os dereitos socioeconómicos das persoas pensionistas e a idade de xubilación aos 65 anos.
- Incremente e equipare as pensións mínimas vixentes ao Salario Mínimo Interprofesional.

Trás o debate, ten lugar a votación da moción con número de rexistro núm. 47, do día 7 de febreiro de 2018, presentada polo grupo municipal do BNG, para a clausura dos

tecnosolos do vertedoiro de Miramontes e a restauración da canteira con cuberta de terra vexetal, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda, emprender as xestións necesarias para a clausura dos tecnosolos e restauración da zona da canteira de Miramontes de acordo co plan inicial de restauración con terra vexetal.

A continuación e despois do seu debate, ten lugar a votación da moción con número de rexistro de entrada 31, do día 6 de febreiro, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, en relación coa retirada do proxecto de modificación da Lei Galega de Saúde, e o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, que a Corporación Municipal de Santiago de Compostela, a proposta da Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, acorda instar á Xunta de Galicia a:

1. Retirar o proxecto de reforma da Lei Galega de Saúde, que perpetúa as estruturas de xestión integrada.
2. Restituír as xerencias de atención primaria e que as dote de medios e recursos para reforzar a súa capacidade de resolución.
3. Co consenso de todas as forzas políticas, sindicais e sociais, desenvolver a Lei Galega de Saúde do ano 2008.

Despois do seu debate, ten lugar a votación da moción con número de rexistro 34, do día 7 de febreiro de 2018, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, en relación ao centro de saúde Conxo, e ao non ser aceptada a emenda presentada polo BNG, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda solicitar:

- Ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) á planificación, proxecto e execución dunha adecuación, actualización e mellora do Centro de Saúde de Conxo para adecuar e mellorar as súas instalacións ou a construción dun novo edificio en función dunha análise e unha programación que garanta a atención actual e futura.

- Á Xunta de Galicia un plan de mellora e posta en valor do Hospital Psiquiátrico de Conxo para a súa recuperación, así como a planificación de usos alternativos en coordinación co resto de administracións públicas.

Pola súa parte, o Concello de Santiago procederá a realizar a adecuación do transporte público para mellorar a accesibilidade ao Centro de Saúde de Conxo.

A seguinte moción en ser debatida e votada é a que ten número de rexistro 43, do día 7 de febreiro de 2018, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para adhesión ao Pacto de Política Alimentaria de Milán (MUFPP), o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda que o Concello de Santiago se adhira ao Pacto de Política Alimentaria de Milán (MUFPP).

Trás o debate, ten lugar a votación da última moción con número de rexistro 46, do día 7 de febreiro de 2018, presentada polo grupo municipal do BNG, sobre a recuperación da antiga sala Iago, o Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes acorda que o Concello de Santiago de Compostela reinicie as xestións coas persoas propietarias da Sala Iago para a recuperación deste espazo para a actividade cultural.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 22:55 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández